



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 81

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 9 de outubro de 2014

Presidencia da Excm. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

(Continuación.)

Punto único

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia - 09/DEBA-000002 (27295)

Publicación, BOPG núm. 342, fasc.1, do 17.09.2014

Retómase a sesión ás once da mañá.

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto único da orde do día.) (Continuación.)

A señora presidenta dálle a palabra á señora vicesecretaria para que dea lectura aos acordos da Mesa sobre as propostas de resolución dos grupos parlamentarios. (Páx. 8.)

A señora vicesecretaria (Burgo López) dá lectura aos acordos da Mesa sobre as propostas de resolución. (Páx. 8.)

Rolda dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa das súas propostas de resolución: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 8.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 11.), *Sra. Díaz Pérez (AGE)* (Páx. 15.), *Sra. Gallego Calvar (S)* (Páx. 20.) e *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 25.)

Rolda dos grupos parlamentarios para posicionarse sobre as propostas de resolución dos demais grupos: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 28.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 29.), *Sra. Díaz Pérez (AGE)* (Páx. 32.), *Sra. Gallego Calvar (S)* (Páx. 34.) e *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 36.)

Suspéndese a sesión á unha e trinta e tres minutos da tarde e retómase á unha e cincuenta minutos da tarde.

Votación das propostas de resolución

A señora presidenta somete a votación, en primeiro lugar, as propostas de resolución transaccionadas. (Páx. 39.)

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 10 do Grupo Parlamentario Mixto co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 24 do Grupo Parlamentario Mixto co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 4 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego co Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 39 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia co Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 69 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 7 do Grupo Parlamentario da AGE co Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 38 do Grupo Parlamentario Popular cos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e Mixto: *aprobada por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 6 do Grupo Parlamentario Mixto co Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 58 votos a favor, 8 votos en contra e 7 abstencións.* (Páx. 39.)

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 22 do Grupo Parlamentario Mixto co Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 23 do Grupo Parlamentario Mixto co Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 65 votos a favor, 8 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 28 do Grupo Parlamentario Mixto co Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 58 votos a favor, 15 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 33 do Grupo Parlamentario Mixto co Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 63 votos a favor, 8 votos en contra e 2 abstencións.* (Páx. 40.)

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 38 do Grupo Parlamentario Mixto co Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 64 votos a favor, ningún voto en contra e 7 abstencións.* (Páx. 40.)

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 40 do Grupo Parlamentario Mixto co Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 63 votos a favor, ningún voto en contra e 7 abstencións.* (Páx. 40.)

A señora presidenta somete a votación as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Mixto. (Páx. 40.)

Votación das propostas de resolución números 5, 26 e 31 do Grupo Parlamentario Mixto: *aprobadas por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

Votación da proposta de resolución número 15 do Grupo Parlamentario Mixto: *rexeitada por 16 votos a favor, 39 votos en contra e 18 abstencións.* (Páx. 40.)

Votación da proposta de resolución número 12 do Grupo Parlamentario Mixto: *rexeitada por 9 votos a favor, 57 votos en contra e 7 abstencións.* (Páx. 41.)

Votación da proposta de resolución número 8 do Grupo Parlamentario Mixto: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 41.)

Votación da proposta de resolución número 9 do Grupo Parlamentario Mixto: *rexeitada por 16 votos a favor, 57 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 41.)

Votación da proposta de resolución número 27 do Grupo Parlamentario Mixto: *aprobada por 65 votos a favor, 8 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 41.)

Votación da proposta de resolución número 29 do Grupo Parlamentario Mixto: *rexeitada por 26 votos a favor, 39 votos en contra e 8 abstencións.* (Páx. 41.)

Votación da proposta de resolución número 32 do Grupo Parlamentario Mixto: *rexeitada por 16 votos a favor, 57 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 41.)

Votación da proposta de resolución número 33 do Grupo Parlamentario Mixto: *rexeitada por 26 votos a favor, 47 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 41.)

Votación da proposta de resolución número 34 do Grupo Parlamentario Mixto: *rexeitada por 16 votos a favor, 39 votos en contra e 18 abstencións.* (Páx. 41.)

Votación da proposta de resolución número 36 do Grupo Parlamentario Mixto: *rexeitada por 8 votos a favor, 57 votos en contra e 8 abstencións.* (Páx. 42.)

Votación das propostas de resolución números 4, 30, 35, 37 e 39 do Grupo Parlamentario Mixto: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

Votación das propostas de resolución do Grupo Parlamentario Mixto, agás as xa votadas: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

A señora presidenta somete a votación as propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 42.)

Votación da proposta de resolución número 1 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 16 votos a favor, 57 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

Votación da proposta de resolución número 6 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

Votación da proposta de resolución número 7 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

Votación da proposta de resolución número 8 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

Votación da proposta de resolución número 10 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 16 votos a favor, 57 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

Votación da proposta de resolución número 24 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

Votación da proposta de resolución número 15 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 16 votos a favor, 57 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

Votación das propostas de resolución números 26 e 29 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 26 votos a favor, 39 votos en contra e 8 abstencións.* (Páx. 43.)

Votación das propostas de resolución números 2, 36 e 39 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 16 votos a favor, 39 votos en contra e 18 abstencións.* (Páx. 43.)

Votación da proposta de resolución número 38 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

Votación das propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, agás as xa votadas: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

A señora presidenta somete a votación as propostas de resolución do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda. (Páx. 43.)

Votación da proposta de resolución número 14 do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda: *rexeitada por 9 votos a favor, 64 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

Votación da proposta de resolución número 15 do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda: *rexeitada por 9 votos a favor, 57 votos en contra e 7 abstencións.* (Páx. 43.)

Votación das propostas de resolución números 21 e 35 do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda: *aprobadas por 71 votos a favor, ningún voto en contra e 1 abstención.* (Páx. 44.)

Votación da proposta de resolución número 12 do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 44.)

Votación das propostas de resolución números 17 e 25 do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda: *rexeitadas por 16 votos a favor, 39 votos en contra e 18 abstencións.* (Páx. 44.)

Votación das propostas de resolución números 2, 3, 18, 22, 26 e 39 do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda: *rexeitadas por 16 votos a favor, 57 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 44.)

Votación das propostas de resolución do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, agás as xa votadas: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 44.)

A señora presidenta somete a votación as propostas de resolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. (Páx. 44.)

Votación da proposta de resolución número 1 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 19 votos a favor, 39 votos en contra e 15 abstencións.* (Páx. 44.)

Votación da proposta de resolución número 3 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 44.)

Votación da proposta de resolución número 40 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 25 votos a favor, 39 votos en contra e 8 abstencións.* (Páx. 44.)

Votación da proposta de resolución número 16 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 19 votos a favor, 46 votos en contra e 7 abstencións.* (Páx. 45.)

Votación da proposta de resolución número 19 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 27 votos a favor, 39 votos en contra e 7 abstencións.* (Páx. 45.)

Votación das propostas de resolución números 17, 18 e 21 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 26 votos a favor, 46 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 45.)

Votación das propostas de resolución números 8, 12, 20 e 26 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 26 votos a favor, 39 votos en contra e 8 abstencións.* (Páx. 45.)

Votación da proposta de resolución número 31 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 26 votos a favor, 46 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

Votación da proposta de resolución número 36 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 19 votos a favor, 39 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 45.)

Votación da proposta de resolución número 37 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 27 votos a favor, 39 votos en contra e 7 abstencións.* (Páx. 45.)

Votación da proposta de resolución número 38 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

Votación das propostas de resolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, agás as xa votadas: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

A señora presidenta somete a votación as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular. (Páx. 46.)

Votación da proposta de resolución número 2 do Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 58 votos a favor, 15 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 46.)

Votación da proposta de resolución número 4 do Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 65 votos a favor, 8 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 46.)

Votación da proposta de resolución número 18 do Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 40 votos a favor, 8 votos en contra e 25 abstencións.* (Páx. 46.)

Votación da proposta de resolución número 20 do Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 57 votos a favor, 8 votos en contra e 8 abstencións.* (Páx. 46.)

Votación da proposta de resolución número 26 do Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 39 votos a favor, 27 votos en contra e 7 abstencións.* (Páx. 46.)

Votación da proposta de resolución número 27 do Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 47 votos a favor, 8 votos en contra e 18 abstencións.* (Páx. 46.)

Votación da proposta de resolución número 29 do Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 33 abstencións.* (Páx. 46.)

Votación da proposta de resolución número 30 do Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 38 votos a favor, 33 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 46.)

Votación da proposta de resolución número 34 do Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 47 votos a favor, 8 votos en contra e 18 abstencións.* (Páx. 47.)

Votación da proposta de resolución número 35 do Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 40 votos a favor, ningún voto en contra e 32 abstencións.* (Páx. 47.)

Votación da proposta de resolución número 37 do Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 40 votos a favor, 25 votos en contra e 7 abstencións.* (Páx. 47.)

Votación da proposta de resolución número 40 do Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 39 votos a favor, 33 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Votación das propostas de resolución números 5 e 9 do Grupo Parlamentario Popular: *aprobadas por 40 votos a favor, 7 votos en contra e 25 abstencións.* (Páx. 47.)

Votación das propostas de resolución números 19 e 23 do Grupo Parlamentario Popular: *aprobadas por 39 votos a favor, 26 votos en contra e 8 abstencións.* (Páx. 47.)

Votación das propostas de resolución números 11 e 36 do Grupo Parlamentario Popular: *aprobadas por 39 votos a favor, 9 votos en contra e 25 abstencións.* (Páx. 47.)

Votación das propostas de resolución números 12 e 33 do Grupo Parlamentario Popular: *aprobadas por 39 votos a favor, 9 votos en contra e 25 abstencións.* (Páx. 47.)

Votación da proposta de resolución número 24 do Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 40 votos a favor, 8 votos en contra e 25 abstencións.* (Páx. 47.)

Votación da proposta de resolución número 28 do Grupo Parlamentario Popular: *aprobada por 39 votos a favor, 26 votos en contra e 7 abstencións.* (Páx. 47.)

Votación das propostas de resolución números 10, 21 e 39 do Grupo Parlamentario Popular: *aprobadas por 39 votos a favor, 16 votos en contra e 18 abstencións.* (Páx. 47.)

Votación das propostas de resolución números 3, 6, 8 e 13 do Grupo Parlamentario Popular: *aprobadas por 39 votos a favor, 34 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Votación das propostas de resolución números 1, 16, 22 e 25 do Grupo Parlamentario Popular: *aprobadas por 39 votos a favor, 15 votos en contra e 19 abstencións.* (Páx. 47.)

Votación das propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular, agás as xa votadas: *aprobadas por 37 votos a favor, 33 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 47.)

Remata a sesión ás dúas e trinta e dous minutos da tarde.

Retómase a sesión ás once da mañá.

A señora PRESIDENTA: Bo día, señorías.

Por favor, vaian ocupando os seus escanos.

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (Continuación.)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a vicesecretaria da Cámara para que dea lectura do Acordo da Mesa sobre as propostas de resolución e a súa agrupación para as votacións.

Ten a palabra a señora vicesecretaria.

Por favor, déanlle voz á vicesecretaria. *(Pausa.)*

A señora VICESECRETARIA (Burgo López): Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bos días, señorías.

A Mesa do Parlamento, nas súas sesións de 8 e 9 de outubro de 2014, logo de examinadas as propostas de resolución formalizadas polos grupos parlamentarios en relación co debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en 2014, así como as reformuladas, tendo en conta os criterios de cualificación establecidos pola Mesa da Cámara o 30 de setembro de 2014 e logo da audiencia da Xunta de Portavoces, adoptou o seguinte acordo:

Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Mixto, documento número 28301: 40 propostas de resolución presentadas. Admítense a totalidade das propostas de resolución. En relación coa número 34, admítense coa precisión que lles foi comunicada aos grupos parlamentarios.

Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, documentos números 28299 e 28300: 100 propostas de resolución presentadas. Admítense a trámite todas as propostas de resolución formuladas no documento número 28299, agás as

seguintes: non se admiten as 60 propostas de resolución presentadas no documento co número de rexistro 28300 porque, xunto coas presentadas no documento co número de rexistro 28299, exceden do número determinado nos citados criterios. En relación coas números 8 e 24, admítense coas precisións que lles foron comunicadas aos grupos parlamentarios.

Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, documento número 28297: 40 propostas de resolución presentadas. Admítense a trámite todas as propostas de resolución presentadas. En relación coas números 2, 7, 10, 13, 16, 17, 27, 28, 30 e 37, admítense coas precisións que lles foron comunicadas aos grupos parlamentarios.

Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, documento número 28298: 40 propostas de resolución presentadas. Admítense a trámite todas as propostas de resolución presentadas. En relación coa número 15, admítense coa precisión que lles foi comunicada aos grupos parlamentarios.

Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular, documento número 28302: 40 propostas de resolución presentadas. Admítense todas as propostas de resolución presentadas. En relación coas números 2, 13 e 30, admítense coas precisións que lles foron comunicadas aos grupos parlamentarios.

Nada máis. Moitas grazas, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora vicesecretaria.

Debate das propostas de resolución

A señora PRESIDENTA: Comezamos, se lles parece, entón, o debate e votación das propostas de resolución, comezando pola rolda dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa global das propostas de resolución.

Polo Grupo Mixto, dona Carmen Iglesias Sueiro ten a palabra.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Moitas grazas.

Bos días a todas e a todos.

Iniciamos este debate do estado da Autonomía coa demanda por parte do partido do Goberno de traballar conxuntamente e sumármonos a cooperar, a representar ou a consensuar. Eu entendo así o labor parlamentario, contén comigo para iso sempre que o considere bo para a cidadanía e o país. E asumirei a responsabilidade.

Por parte dos grupos da oposición rexeitamos que o Partido Popular utilice e abuse da súa maioría absoluta, que limita a actuación parlamentaria deslaxitmando o labor do resto das parlamentarias e parlamentarios deste hemiciclo, en prexuízo non dos partidos senón da cidadanía; e contribuíndo con iso ao distanciamento e descrédito das cidadás coas institucións. Gustaríame crer que todo isto pode cambiar. Espero que se produza un cambio de rumbo e que poñamos cambiar a deriva autoritaria neste Parlamento.

O Grupo Parlamentario Mixto presentou 40 proposicións segundo o Acordo da Mesa do 30 de setembro en relación con este asunto. Nel especificábase que as proposicións debían conter un enunciado simple na parte resolutiva, e a iso nos axustamos. Por iso chegamos a non incluír, ou a modificar, algunha resolución por considerar que era demasiado longa e a Mesa podería retirala por non ter un enunciado simple, como expresamente se pedía. Vendo as propostas dalgúns dos grupos está claro que non corrimos ese risco. Así que tivemos que optar por escoller entre proposicións que eran moi importantes para nós pero que non podían presentarse por superar o número de 40 asignadas. E escollemos primar aquelas que nos parecían novidasas ou urxentes polas circunstancias da última hora, salvo as irrenunciabes, coa esperanza de que outros grupos as incluíran e votaran a favor delas. ¡E vaia se as incluíron! Incluso as melloraron e ampliaron con creces.

O límite de 40 proposicións pode parecer cativo, e moitos de vostedes quíxanse por iso —seguramente con moita razón—. Pero podo asegurarlles que para un grupo cunha soa deputada é un traballo descomunal. Coido que vou facer un curso de lectura rápida e comprensiva, ¡mí madriña!

Respecto das nosas proposicións, agrupareinas por temáticas moi xenéricas: sanidade, política xeral, xustiza, emprego, infraestruturas, enerxía, igualdade, natureza ou medio

ambiente. E as máis importantes para este grupo: democracia, memoria histórica e ensino e cultura. Dende logo, o máis importante para nós —e falo en plural porque somos un grupo— é a área de Educación e Cultura.

Creo que a base fundamental para construír outro sistema máis democrático, igualitario, respectuoso co medio ambiente, coa xustiza e coa solidariedade social, que prime o humano sobre o económico, farase a través dunha educación en valores. A proposición máis importante neste sentido para nós é a implantación dun plan de ensino coeducativo. Non confundamos coeducación con educación mixta, a coeducación é outra cousa completamente diferente. Gustaríanos moito que esta proposición fose aprobada.

Tamén nos preocupamos polo acoso escolar e as súas consecuencias, que fai que nenas e nenos se sintan tan desprotexidos e desamparados que os leva ao suicidio. Non podemos permitilo. A sociedade e nós, as institucións, temos o deber de protexelos, e de darlles aos profesionais ferramentas para detectalo e previlo. ¿Que me din das materias artísticas? ¿Que facemos para garantir o desenvolvemento libre e pleno da personalidade humana que a Constitución recolle? ¿Que facemos coa arte, a música, as humanidades, o pensamento, que a Lei Wert relega? ¡Wert dimisión! É que teño un tic, xa non o podo evitar. Tamén presentamos unha proposta ao respecto para revalorizalas e darlles o lugar que merecen a estas materias.

Un plan de ensino no rural galego, ese que o PP nos di que non ven que teña problema ningún. Pois ben, nós cremos que si, e que é merecedor de atención e de estudo por ser o rural unha fonte de riqueza natural e de calidade de vida.

A infancia tamén é un tema que nos preocupa e queremos contribuír a mellorar a súa situación. Como verán, temos unha iniciativa polo dramático caso do ébola e a irresponsabilidade que nos conduce a que a poboación estea en perigo de contaxio no Estado e que unha sanitaria de orixe galega estea xa contaxiada. Esta neglixencia exige depuración de responsabilidades. Aínda que o Partido Popular quixo transaccionar, non estaba disposto a exixir responsabilidades ao Goberno do Estado nin a condenar os organismos internacionais pola súa pasividade. Non puídemos aceptala.

Queremos que se retire o Proxecto de lei de seguridade cidadá e que se recoñeza o Estado palestino, como xeito de protexer a súa integridade territorial e con iso a súa poboación.

Transaccionamos co Bloque Nacionalista Galego dúas propostas: unha de rebaixa do IVE para a cultura, que xa comentei, e a outra sobre a iniciativa das cidades saudables. Ambas as dúas melloraron as nosas propostas e reiteramos o noso agradecemento.

Transaccionamos co Partido Popular as seguintes resolucións –porque cremos que o importante é sumar, renunciamos a grandes obxectivos para intentar conseguir unha mellora, aínda que cativa, co propósito firme de beneficiar os cidadáns–: a número 6, impulsar medidas para evitar o incremento dos prezos dos carburantes; a número 22, para cesar os cargos públicos que fagan declaracións sexistas, xenófobas ou homófobas, dándolles antes a oportunidade de rectificación; a 23, para desenvolver campañas para previr trastornos alimentarios, ao que se lle engade campañas de promoción de hábitos de vida saudable; a 28, onde renunciamos á derogación da Lei de taxas, acordando demandar ao Goberno central a modificación que asegure a proporcionalidade da contía da taxa coa materia en litixio –pero anunciamos que non deixamos de loitar pola derogación completa por este acordo, parécenos un pequeno avance para as cidadás este acordo co Partido Popular–.

A 33 é sobre xustiza, a 38 sobre a información ao cidadán sobre a demora nas listas de espera. A 40, onde se contempla un apartado específico, e, por último, algo irrenunciabile: a rebaixa do IVE cultural, para o que pedimos un mínimo dun 8 % e que transaccionamos co Bloque un 4 %. Encantadas coa aportación, moitas grazas.

Outro eixe importante, tendo en conta a mobilización e o descrédito da cidadanía, é a mellora democrática. Creemos que é imprescindible unha lei de responsabilidade ética cidadá. O PP presentounos unha proposta para transaccionar, pero non cumpría os mínimos. Queremos unha lei que exixa responsabilidades por xestións nefastas e que acabe coa impunidade dos cargos públicos ou responsables públicos. É un complemento esa lei indispensable para calquera outra medida contra a corrupción, é indispensable. Se non hai un marco legal, non imos a ningún lado.

Quería pedirlle ao PP que reconsidere o seu voto na proposición número 11 e que vote a favor. Coido que unha base de datos que faga un seguimento das iniciativas aprobadas nesta Cámara, e que a mesma poida ser consultada tanto polos parlamentarios, parlamentarias como pola cidadanía, axudaría a mellorar a eficacia no labor de control e información en relación cos cidadáns.

Tamén solicitamos unha reforma do Regulamento do Parlamento neste sentido para aumentar a participación directa da cidadanía en procesos de decisión da vida política, e que foran eliminados os privilexios como os aforamentos.

Tamén cremos fundamental a eliminación das papeletas electorais por correo. Temos que mellorar tamén o control das subvencións e becas para evitar que se creen situacións de inxustiza, sobre todo neste tempo de recortes de becas e axudas, procurando asegurarnos de que as mesmas cheguen aos que máis o necesiten.

En sanidade cremos fundamental que se regule a obxección de conciencia do persoal sanitario cando está causando graves trastornos e problemas a persoas que queren interromper voluntariamente o embarazo e se atopan con esa obxección por parte dos sanitarios. Xa que conseguimos a paralización da Lei do aborto do pésimo ministro de inxustiza, este é un dos seguintes pasos.

Estamos agradecidos ao PP porque foron moi dialogantes con nós, pero, coidado, seguiremos sendo moi críticas e estaremos en alerta. Pero coido que esta negociación terá como beneficiarios os cidadáns, que o obxectivo que nos trae a esta Cámara é ese.

Plan de emprego, horarios comerciais, pensionistas emigrantes retornados –para os que tampouco conseguimos acordos porque a proposta nos parecía cativa–, reforma fiscal progresiva, fraude fiscal –que tamén foi transaccionada–, política enerxética para controlar o oligopolio e favorecer as cidadás e os cidadáns, unha nova política de prezos para o tren –sobre todos nos bonos ofertados–, prohibir o *fracking* e a minaría a ceo aberto, desenvolver o termalismo, prohibir as touradas –agradecemos ao PSOE que contactara con nós e nos apoiara nesta proposta–, e unha das miñas preferidas, que é a declaración do Courel como parque natural.

Grazas a todos –repito– pola boa disposición. Seguirei teimosamente insistindo nalgún dos temas que non van ser aprobados e controlaremos que os acordos alcanzados non caian en saco roto. Porque, señores do PP, con vostedes hai que andar coa mosca detrás da orella.

E deixo para o final o máis importante para min, que é a proposta número 26: “O Parlamento de Galicia manifesta a súa condena ao golpe de Estado perpetrado por Franco, ao réxime ditatorial consecuencia deste golpe de Estado e os crimes e represións exercidos sobre as persoas vencidas”. Nunca esquecerei a noite do 26 de setembro do ano 1975 e a canción de Aute *Al Alba* dedicada aos últimos executados deste réxime do horror. Antes do seu pasamento, o xenocida tiña que deixar a súa marca de poder pese ás peticións de todo o mundo, incluíndo o Papa, peticións do exterior, peticións do interior: a execución de José Humberto Baena, José Luis Sánchez Bravo, Román García Sanz, Juan Paredes Manot e Ángel Otaegi, cinco persoas que foron executadas polas súas ideas e a súa militancia política. Pero polo menos as súas familias tiveron a oportunidade e o consolo de poder enterrar os seus corpos. Quedan moitos sen enterrar, quedan moitos que se atopan nas fosas comúns, nas cunetas, e moito, moito, que recuperar, moito por quen chorar, moitos loitos sen realizar. Por iso me gratifica que neste Parlamento se aprobe esta resolución. Non só me gratifica, senón que me emociona.

Moitas grazas a todas e a todos. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías, abordamos hoxe a segunda parte deste debate do estado da nación galega, e subo a esta tribuna consciente de que estamos nun momento difícil e no que temos unha enorme responsabilidade colectiva. E digo isto porque, aínda que durante a sesión do martes viramos como o presidente da Xunta fala dunha Galiza que non existe, nós somos conscientes do desastre que as políticas do Partido Popular, que as políticas do Estado español e da Unión Europea están provocando no noso país. Lamentamos que o presidente da Xunta non queira recoñe-

cer a realidade. Galiza non está mellor que o resto do Estado. Galiza, señorías, está nunha situación de emerxencia nacional, de emerxencia social, e os galegos e as galegas están pasando por momentos ben difíciles. Lamentablemente, o señor Núñez Feijóo non representa a recuperación económica, representa o paro, a pobreza, a desigualdade, a marginación de moitas persoas no noso país, tamén a subordinación política de Galiza.

E nós o que lles dicimos é que vostedes deberían de falar coa xente, deberían de preguntarlle á xente nova se realmente cren nesa Galiza das marabillas da que fala o señor Núñez Feijóo. Porque a xente nova deste país, fíxense, son a xeración máis formada, pero a que ten menos oportunidades. Están vostedes condenando á emigración e á precariedade á mellor xeración de galegos e galegas.

¿Saben, señorías, cal é o salario medio dun mozo ou dunha moza deste país? Son 575 euros ao mes. Os seus salarios, ademais, baixaron o dobre que a media do Estado, unha auténtica vergoña que non se debería consentir nun país democrático. Mais é tamén a mostra de como a unidade e o centralismo español non garanten un trato de igualdade para os galegos e para as galegas, e de como tamén durante esta crise as diferenzas non deixan de acrecentarse.

Tampouco hai saída da crise, señorías, para a maior parte dos traballadores e das traballadoras galegas, os seus salarios tamén baixan, e baixan por riba da media do Estado. Xa tiñamos o triste récord de ter os salarios máis baixos de todo o Estado. Durante a crise o que pasa é que se incrementa a brecha. É dicir, os galegos e as galegas cada vez teñen peor capacidade adquisitiva e as diferenzas son cada vez maiores co resto do Estado. Non hai nin converxencia, señorías, nin igualdade.

E como sabe todo o mundo –non parecen enterarse os membros do Goberno–, baixar os salarios é xusto o contrario do que se necesita neste momento. Prestixiosos economistas están advertindo que o que frea os investimentos non son os altos impostos ás empresas, o que está freando os investimentos é precisamente a falta de demanda e o que está freando os investimentos son as baixadas constantes de salarios. Un auténtico disparate a política económica que están seguindo, disparate que condena a miles de persoas no noso país.

En Galiza hai case 300.000 persoas en paro, 34.000 fogares onde non entra ningún ingreso. ¿Imaxinan, señorías, o que é vivir sen ningún tipo de ingresos ao longo dun mes, dous meses, tres meses, catro meses..., así durante un ano, dous anos, tres anos...? ¿Pensaron algunha vez, señorías, en qué poden sentir todas esas persoas cando ven, no NODO no que teñen convertida a TVG, ao presidente da Xunta de Galiza dicir cousas como que ningún galego se verá privado daquilo que é esencial para a súa vida? É unha promesa que o señor Núñez Feijóo fixo hai un ano neste debate. Escoiten, e gustaríanos, señorías, que vostedes se preguntaran –e nós preguntámonos– qué significa para vostedes algo “esencial na vida”. Preguntámonos, señor presidente da Xunta de Galiza, se para vostede, a quen todos e todas lle pagamos os gastos da súa vivenda en Monte Pío, ter un teito é algo esencial na vida.

Escoite se lle parece ben: Raquel, 33 anos, parada, subsiste con 365 euros da pensión que ten a súa nai, que é dependente. Ten que coidala 365 días ano ano, 24 horas ao día. Teñen unha inminente orde de desafiuzamento por impago do seu aluguer. Nove meses petando na Xunta, petando no concello, para que lle deneguen a vivenda. ¿E saben qué dixo publicamente a Xunta cando se denunciou este caso? Que atender casos como o de Raquel era un risco. Señorías, toda unha metáfora de como vostedes conciben a súa política social e de como deixan tirada neste momento a xente que máis o precisa. E o dramático é que Raquel non é un caso illado, non é unha anécdota, hai miles de Raqueles no noso país: desafiuzadas, parados, dependentes, enfermos... E detrás destes problemas non hai nin fracasos nin problemas individuais, é un drama colectivo, o drama dun pobo ao que vostedes lles están roubando o futuro.

E o grave, señorías, é ver como non temos goberno galego, como seguen insistindo nesa vella política caciquil, provinciana. Carecen de ningún tipo de estratexia para sacar adiante e enfrontar os retos que Galiza e que os galegos e galegas temos por diante.

Xa sabemos que a vostedes só lles preocupa a aritmética electoral, confunden os retos de Galiza co seu resultado electoral. O reto para vostedes é agora intentar convencer de que hai saída da crise económica para ver se conseguen ter un bo resultado nas eleccións municipais.

Recoñecemoslles que nese labor son vostedes fantásticos. De certo, nin no Ministerio da Verdade que relata Orwell na súa novela *1984* eran tan eficaces coma vostedes coa manipulación e a propaganda.

Mais non só manipulan e secuestran os medios públicos, tamén queren secuestrar a democracia e facer trampa cambiando as regras de xogo á súa conveniencia. Poden vostedes poñerse como queiran, pero 40 non é máis que 60. Como tampouco é democrático cambiar unilateralmente os membros deste Parlamento, porque saben que iso ten un resultado e que distorsiona o resultado das eleccións. Por iso, señorías, invitámoslos a que retiren esa reforma. Ademais, saben que a clave non é o aforro, e saben que resulta cínico que Feijóo, que gasta máis en asesores do que custa este Parlamento, se esconda nun argumento tan falaz.

Pedímoslles, señorías, que retiren esa reforma. Nós queremos reformar a lei pero para que sexa máis democrática e máis representativa, non queremos que haxa menos tempo para debater de política. E se queremos aforrar nas campañas electorais, poden suprimir o *mailing*. Poderíamos aforrar en torno a 2 millóns de euros nunha campaña electoral só con esa medida, que tamén sería unha medida de transparencia e de evitar outro tipo de prácticas que se dan nas eleccións.

Nós apostamos por que o pobo realmente opine, que haxa a posibilidade de convocar referendos, que teñamos, señorías, un parlamento onde realmente a participación directa dos cidadáns e dos grupos sexa en igualdade, e non poida existir nin censura nin restricións. Mais xa sabemos que vostedes non aceptan estas propostas que queren devolverlle poder ao pobo –porque é o que hai que facer en democracia, devolverlle poder ao pobo–, senón que van seguir con cosmética e van seguir adiante con reformas que o que fan é realmente cada vez alonxar máis ao pobo, porque vostedes lle teñen medo á xente. E téñenlle medo porque saben perfectamente que, pese a propaganda que fan, os sacrificios que lles impuxeron a todos os galegos e a todas as galegas non serviron para saír da crise, só están servindo para que teñamos cada vez un reparto da riqueza máis desigual.

Fixense, dixemos antes que os salarios na Galiza non deixan de baixar, mais vemos como os ricos cada vez son máis ricos. Temos un exemplo moi claro: Amancio Ortega acumula xa 48.000 millóns de euros, case o 90 % do PIB

galego. Mais vostedes, en vez de aplicar unha solidariedade real e facer unha reforma fiscal xusta para que os ricos paguen máis, seguen insistindo en reformas fiscais inxustas, e néganse —como van facer hoxe— a que as rendas máis altas coticen máis ou néganse a eliminar impostos indirectos como a suba dese céntimo da gasolina, que, entre outras cousas, é o que provoca que esteamos pagando o gasóleo e a gasolina máis caros de todo o Estado.

Comprobamos, polo tanto, como crece a desigualdade en Galiza, e nese crecemento da desigualdade tamén temos claro que detrás está a marxinação e o problema de falta de poder político do noso pobo. Porque a desigualdade entre as persoas tamén ten moito que ver coa desigualdade que existe entre os pobos, e isto, señorías, é clave para entender e diagnosticar ben os nosos problemas e é clave para dar alternativas e ter proxectos que realmente nos permitan saír do foxo no que estamos.

Miren, a nosa dependencia explica moitos dos problemas que temos. En vinte minutos é imposible explicalo, mais sabemos moi ben que o que está pasando co sector naval é responsabilidade directa das decisións que se toman na Unión Europea e que se toman tamén no Estado español, que son decisións políticas. Non é un problema de que non saibamos construír barcos, é que non nos deixan, señorías.

Tamén sabemos que pasa exactamente o mesmo coa nosa pesca ou co noso agro, ao que vostedes están fundindo, e están condenando o noso país a non poder producir. E é evidente que isto pasa porque a Unión Europea limitou as nosas posibilidades, pero tamén é evidente que se tiveramos estruturas de Estado que nos defenderan, mesmo nesa Unión Europea neoliberal que nós criticamos o resultado sería distinto. Nós, efectivamente, acreditamos na capacidade e na potencialidade que ten o noso país, e temos claro... Decía o presidente: Galiza pode. Claro que pode, os galegos e galegas son moi bos, claro que si, pero é que o Goberno que temos non lle chega nin á altura dos zapatos aos galegos e galegas que realmente si que son xente loitadora, si que son xente que defende este país e que quere ter futuro na terra. E temos que dicir que nos avergonza que, mentres vemos como arruínan a Galiza, o señor presidente xoga a ser o Sancho Panza de Rajoy.

Pregariámoslle, señor Núñez Feijóo, respecto polas demandas democráticas que teñen outros pobos, outras

nacións sen Estado. Sobre todo porque os escoceses van ter maior capacidade para decidir e enfrontar os seus problemas e instrumentos ao servizo do pobo. Vascos e cataláns, a pesar da reacción do españolismo, tamén van abrir espazos de libre decisión polas vías democráticas e van mellorar as condicións do seu pobo. E ¿que nos ofrece o Partido Popular?, ¿que ofrece Núñez Feijóo aos galegos e ás galegas, a Galiza? Desaparecer, emigrar, ser un grande xeriátrico. Señorías, convirán con nós que é mellor futuro poder decidir por nós mesmos que acabar sendo colonia dunha colonia de Merkel. E pensamos, señorías, que hai que cambiar o rumbo e que non é indiferente que teñamos ou non capacidade para poder decidir sobre aqueles asuntos que nos incumben e que claramente están limitando as nosas posibilidades de desenvolver os sectores económicos. Dereito a decidir que non é algo que nos teña que conceder nin o Estado nin o Goberno central, senón que é un dereito que reside nos pobos, nas nacións negadas que integran o mundo. E temos moi claro que é moito mellor administrar nós os nosos recursos que depender doutros; por exemplo, defender un sistema de financiamento con capacidade plena. Defendémolo porque é falso que nós vivamos da solidariedade do Estado. Non son os impostos dos madrileños nin dos andaluces nin dos casteláns os que están pagando os nosos servizos públicos, pagámoslos cos impostos que pagan os galegos e as galegas, e de feito o Estado fai caixa no noso país, recada moito máis do que logo se inviste.

En todo caso, segundo os nosos cálculos, se nós cambiamos o sistema de financiamento e realmente apostamos por un sistema de cupo, nestes orzamentos poderíamos dispor duns 2.000 millóns de euros máis. !Que ben nos virían a todos os galegos e as galegas para poder facerlles fronte a eses recortes que están impoñendo e defender realmente a sanidade, o emprego, a educación, defender a reactivación económica! Mais, evidentemente, vostedes non queren camiñar por aí, nin tan sequera están dispostos a dicir que é necesario un novo modelo de financiamento nin que Galicia teña posición e defenda os seus intereses neste ámbito.

Mais tamén recoñecemos que o noso problema non é só que teñamos un anémico autogoberno que se usou en contra, en moitas ocasións, dos intereses de Galiza. O noso problema é que temos a incompetencia instalada no Goberno galego. Naval e eólico, dous sectores, dous ámbitos fundamentais na nosa economía, que este goberno, coas súas decisións ou coa súa inacción, está levando á ruína.

Tampouco, señorías, actúa este goberno para que os galegos e galegas nos poidamos beneficiar daquilo que producimos, e constantemente se negan a que teñamos unha tarifa eléctrica galega. Os vascos conseguírono, conseguiron que ás súas empresas se lles rebaixaran as peaxes, unha rebaixa no prezo da enerxía que pagan as empresas en Euskadi. Núñez Feijóo nega a realidade e négase a que os galegos e as galegas paguemos a luz máis barata. Pode ser que a súa aspiración pois sexa tamén acompañar a Aznar e a González nalgún consello de administración dunha eléctrica. En todo caso, nós defendemos que é moito máis xusto que o conxunto dos galegos e das galegas paguemos menos pola luz que acabar financiando retiros dourados de ex presidentes e de ex ministros.

Tamén, señorías, son vostedes parte e cómplices de todo o desfalco que supuxo a desaparición das caixas. Parécenos moi ben que hoxe vaian votar a favor da proposta do BNG que non incluían vostedes, e que é todo un síntoma para que se reactive a Comisión das caixas. Pero esa proposta, señorías, ten que servir para que realmente esa comisión vaia ao fondo, investigue todas as responsabilidades, incluídas as deste goberno e do anterior, e emita un ditame. Porque é unha vergoña que se teña unha comisión paralizada durante un ano, que todo o mundo vexa o absoluto desfalco e o grave problema que supuxo para Galiza, e que tiveran secuestrada durante todo este tempo a comisión.

Evidentemente, isto parécenos moi importante, porque a desaparición das caixas é un dos feitos que, desde o punto de vista económico, máis vai condicionar as posibilidades de Galiza. Hoxe non temos ningún tipo de instrumento financeiro. Xa o denunciámos na sesión de onte: o noso aforro emigra, serve para que outros se beneficien del. ¿Que fai o Goberno galego? Absolutamente nada.

Nós, señorías, seguimos defendendo banca pública galega, que se cree un instituto galego de crédito. Cremos que isto é básico para que os plans de emprego e as medidas de reactivación económica teñan futuro. E xa sabemos que vostedes tampouco queren pactar nin acordar absolutamente nada que supoña a mellora real das condicións de vida dos traballadores e das traballadoras e da creación de emprego. Nin queren ningún compromiso concreto porque, efectivamente, queren converter este parlamento e este país nunha abstracción.

Mais, señorías, nós dicimos que fronte a esa política hai que actuar, e que hai medidas que están nas nosas propostas de resolución que cambiarían a dinámica que se está producindo. Cremos tamén que en Galiza hai un grave problema vinculado coa corrupción: a corrupción na política, a corrupción das portas xiratorias, a corrupción económica, a corrupción xerada ao converter en negocio a prestación de servizos públicos.

Para nós é evidente que o Partido Popular non ten absolutamente ningún interese en abordar realmente este tema, só queren cosmética e propaganda. Levamos nestes anos escoitando código ético mentres están votados incumprindo a Lei de transparencia; manteñen nos seus postos a altos cargos da Xunta de Galiza que están imputados por posibles delitos de corrupción; crean unha comisión de estudo á que só vén aquelas persoas que lle interesa ao Partido Popular que comparezan, non aceptan as propostas que os outros grupos propoñamos; e está un ano tamén secuestrada e tamén paralizada. En definitiva, todo aparencia, compromiso moi escaso.

Nós tamén propoñemos medidas moi concretas, que realmente non dicimos que vaian ao fondo e que vaian erradicar a corrupción, pero si que nos dotarían de mecanismos reais para reducir ao máximo, reducir á mínima expresión, a posibilidade de que eses feitos se produciran. Polo tanto, se vostedes queren realmente apostar por erradicar a corrupción, empecen por ter unha práctica que sexa coherente con iso. E iso tamén pasa, señorías, por reducir ámbitos de privatización, porque sabemos que cando se confunde o público co privado aí aparece un risco. Tamén falamos sobre iso nesa comisión fallida. En todo caso, nós dicimos que unha medida tamén debería de ser o rescate dos servizos públicos privatizados, porque é unha medida que non só loitaría contra a corrupción, senón que estaría dándolle esperanza a toda esa xente, señoría, que están vostedes deixando na cuneta e que está tendo problemas para acceder á sanidade, á educación, á dependencia, ou que tamén está nunha situación de risco e ve como os poderes públicos non actúan e a deixan absolutamente marxinalizada.

E remato, señorías, cunha serie de felicitacións que tamén me parece que son importantes neste momento. Quereamos no BNG volver felicitar o movemento feminista e a todas as mulleres e homes que fixeron posible que tumbara-

mos a reaccionaria lei contra o aborto. Gustaríanos poder felicitar a Xunta e o presidente, pero, lamentablemente, púxose ao lado de Gallardón e en contra das mulleres. *(Aplausos.)*

Lamentamos, señorías, que a crise se estea usando para incrementar e perpetuar as desigualdades. Lembramos hoxe aquí que o machismo mata, señorías, e non esquecemos as vítimas do terrorismo machista, ese terrorismo que non aca-para portadas e que non parece un problema de Estado pero que leva xa 700 mulleres asasinadas nunha década en todo o Estado español. Hoxe só pedimos que cumpran as leis de igualdade e tamén a lei contra a violencia de xénero. ¿Van votar en contra desa proposta, señorías?

Queremos felicitar tamén a todas persoas e entidades que fan unha defensa activa da nosa lingua porque senten orgullo de ter lingua propia...,

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...a todas as nosas creadoras e creadores que manteñen viva a cultura galega. Sabemos que estades na diana do Goberno da Xunta, e téñenvos na diana porque vos teñen medo. Téñenlle medo á cultura porque a cultura é liberdade. Téñenlle medo ao galego porque claramente ameaza esa visión rancia e centralista que queren impornos. Nós insistimos: volvan ao consenso do Plan xeral de normalización da lingua galega e deixen de discriminar e de atacar o noso idioma.

E, finalmente, señorías, felicitar a todas as persoas que levan anos loitando polos dereitos, loitando e defendendo a sanidade pública, a educación, contra as estafas da banca, das preferentes, desafiuzados, preferentistas, en definitiva, a todas esas persoas que non aceptan as inxustizas nin a estratexia do medo e a represión. Dicirvos que sodes o orgullo e a dignidade de Galiza, sodes un exemplo que nos dá forza.

E hoxe quero lembrar aquí, precisamente nesa forza, palabras de Dilma Rousseff: É preciso ter grandes soños e perseguilos. Soñar e perseguir soños é exactamente romper o límite do posíbel. Nós imos seguir soñando e defendendo os nosos soños...,

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e dicimos que non é utopía defender unha Galiza con capacidade para decidir...,

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...non é utopía usar a nosa lingua con normalidade, non é utopía pensar nunha Galiza sen emigración...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e igualdade, porque, como ben lembraba o noso portavoz nas palabras de Caste-lao, a política non é seccionar a miseria. A política é dar are-las e vida para prosperar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Bos días a todos e a todas.

Bos días, señor presidente.

Vou empezar esta intervención citando un texto dun sociólogo alemán, Wolfgang Streeck, titulado *Mercados e pobos*, di así: “Así quedou de xeito final moi claro que os estados democráticos do mundo capitalista non teñen un soberano, senón dous: abaixo o pobo, e por riba os mercados internacionais. A globalización, a financiarización e a integración europea debilitaron o primeiro e afortalaron o segundo. O equilibrio de poder estase a desprazar rapidamente cara a arriba. Antes requiríanse dirixentes que entenderan e falaran a lingua do pobo. Agora é a lingua do diñeiro a que teñen que dominar. Os que musitaban ao pobo víronse substituídos polos que entenden os murmurios do capital.” Estes son vostedes, nós estamos a combater o que estes días se dixo nesta Cámara. Non hai democracia. Vivi-

mos nunha ilusión democrática, por moito que vostedes se empeñen en dicir o contrario.

Quero repasar as palabras dun antropólogo, Polanyi, que sinala exactamente como a economía tomou –asaltou di el exactamente– a democracia. Pero quero tamén recordar as palabras do profesor Fontana, que nos está a dicir como a banca se fixo dona do control do proceso político. Ou, por exemplo, o profesor Pisarello, que nos está a falar nese longo Termidor democrático dunha democracia limitada. Ou este estudoso da antigüidade, como Luciano Canfora, que efectivamente está falando dun réxime mixto; un pouquiño de democracia e un moitíño de oligarquía financeira. Este é o seu modelo, deron un golpe de Estado á democracia, deron un golpe de Estado contra a xente do común.

Por iso Alternativa Galega, a través das súas corenta propostas, quere, con Boaventura de Sousa Santos, reinventar a democracia, radicalizar a democracia. E como queremos reinventar a democracia e que a xente do pobo teña voz, teña pan, teña teito, e teña –nesa fermosa película de Ken Loach– tamén dereito a rosas, efectivamente queremos que se enmarque neste debate a derogación de normas nas que queremos a posición dos grupos que están criminalizando, que están empobrecendo, a xente do común. Queremos que este Parlamento, señor presidente, se posicione sobre a necesaria derogación do artigo 135 da Constitución española porque é a soga que temos para condenar á fame aos traballadores e traballadoras deste país.

Pero queremos tamén que nos posicionemos en contra do TLC, porque ese tratado da Unión de libre comercio vai esganarnos e vai colocar en pobreza absoluta a toda a nosa xente. Porque non queremos ser negocio, pero queremos tamén que se derogue e se posicione esta Cámara sobre esa maldita lei, a Lei 15/1997, que é o marco xurídico para facer negocios coa sanidade. Acabemos xa coas frivolidades e o saqueo á sanidade pública, que vostedes, a conselleira de Sanidade nin dimitida nin cesada, efectivamente, está consumando no noso país.

Queremos reinventar a democracia, señor Feijóo, e queremos emendar o que ten vostede feito nestes últimos cinco anos, no quinquenio Feijóo. E, sobre todo, queremos emendar os datos que vostede ten falsificado nesta Cámara. Porque non é certo o que vostede dixo, non é certo que estea-

mos a saír da crise. Voulle facer unha pregunta, ¿sabe vostede en cantas ocasións o PIB dende os anos sesenta foi negativo no noso país? Voullo dicir, en tan só tres ocasións. E iso non quere dicir, señor Feijóo, que non houbera crise no conxunto do Estado español. Vivimos nunha crise, e non imos saír da mesma namentres vostedes non cambien as súas políticas, namentres a xente non volva poder ter salarios dignos, traballos dignos, educación pública de calidade, e, en definitiva, calidade de vida.

Vivimos nun país en destrución no que vostede mentiu. Non son certos os datos que deu sobre o paro. Señor Feijóo, dende que vostede chegou á Xunta de Galicia –dende que chegou a Monte Pío– destruíronse exactamente 161.400 empregos, o 14 % do emprego. ¿Sabe cal é a media estatal, señor Feijóo? O 9 %. Vostede está a facer algo mal; nós o 14 % e eles o 9 %. Pero, fíxese, en termos de emprego industrial, o 24 % de destrución de emprego. ¿Sabe cal foi a media estatal? O 16,7 %. Pero fíxese, aínda os datos poderían ser peores se contabilizamos a evolución negativa da poboación activa. Temos perdido, en termos de poboación activa, 43.800 persoas, exactamente o 3,3 %, e exactamente o dobre do que acontece no noso Estado, que, como supoño que coñece, en termos de evolución negativa está no -1,4 %. Polo tanto, señor Feijóo, non é certo que as súas políticas vaian mellor. Non, as súas políticas están situando a Galicia nunha moito peor situación en relación co resto do Estado, e está mentindo vostede respecto dos datos do paro.

Señor Feijóo, sexa serio, a única enquisa que vostedes polo de agora non poden manipular é a Epa; é a única enquisa rigorosa. Por certo, unha enquisa que quero ilustrar que contabiliza como ocupada a unha persoa que adica unha hora da súa vida a traballar e trinta e nove a buscar emprego. Pero, con todos eses matices, a Epa, señor Feijóo, está sinalando que Galicia ten 283.000 persoas que están en paro. Pero contabilizando estas persoas das que lle estou a falar, que traballan unha hora, situámonos por enriba das 300.000 persoas en paro. ¿Sabe canto supón iso de crecemento en relación coa media estatal? Un 70 %. Esa é a súa medida, señor Feijóo. Non o dicimos nós, dío a Epa. E seguro que non vai combater a Epa. A media estatal de crecemento está no 35 %. E fíxese, xa que lle gusta xogar coas cifras, hai un dato absolutamente rigoroso, un dato que é a destrución de horas de traballo efectivas. ¿Sabe cantas horas de traballo efectivas se destruíron dende que vostede goberna? Exactamente seis

millóns de horas de traballo; exactamente o 20 % das horas de traballo. Polo tanto, señor Feijóo, non volva afirmar nesta Cámara que a nosa situación é mellor que a media do conxunto estatal porque non é certo; porque está deixando unha mala herdanza para o conxunto do noso país; porque estamos xa por debaixo do millón de afiliados e afiliadas ás cotizacións da Seguridade Social; porque temos 190.000 persoas no desemprego sen ningún tipo de cobertura; porque temos 650.000 persoas baixo o limiar da pobreza; porque temos o 10 % de pobreza enerxética en Galicia; porque temos un goberno, un desgobierno, cunha falsidade tan brutal que se permite o luxo de deixar sen executar o 75 % do orzamento no que atinxe ás axudas de emerxencia. Non son datos nosos, son do voso grao de execución do orzamento. No tempo que imos, o 75 % sen executar, coa está caendo aí fóra.

Pero temos tamén a taxa de paro máis elevada do conxunto do país. Cando vostede chegou a Monte Pío a taxa de paro, esa maldita herdanza que lle deixou o bipartito, era do 12,6 %. Daquela, a herdanza tamén en Madrid era do 17,8 %. Agora mesmo vostede conseguiu coas súas políticas que a taxa de paro no noso país —e insisto, non o di Alternativa Galega de Esquerda, estano a dicir os datos oficiais—, está no 22,3 %. O dobre, señor Feijóo. Explíquelles isto aos galegos e galegas de ben do noso país.

¿Sabe cal é o diferencial positivo que tiña vostede cando chegou a San Caetano no 2009 en relación co Estado? Pois nada máis e nada menos que 5,23 puntos. ¿Sabe cal é o diferencial positivo no día de hoxe? É de 2,2 puntos. Vostede dilapidou a herdanza de tres presidentes da Xunta de Galicia: o presidente Laxe, o presidente Fraga e o presidente Emilio Pérez Touriño. Vostede, en termos xurídicos, é un fillo pródigo, é un fillo que malgasta, é un fillo que fai o mal para o noso país.

Pero falemos tamén da nosa economía, porque temos un país máis pequeno. O noso PIB estase a retrotraer, señor Feijóo, o 6,5 %. Claro, a xente dirá: ¿que é isto de falar do PIB? Pois voulo dicir cos datos do IGE: falar do PIB é que temos o gasto dos fogares en Galicia reducido nun 10,2 %; temos o investimento público e privado —fixese no dato, señor Feijóo, gravísimo, demoledor— no 45 %. Non temos futuro, señor Feijóo. E temos ademais unha demanda interna que di o IGE —non o din os voceiros e voceiras da Alternativa Galega de Esquerda, que somos malísimos— que se sitúa no -17,4 %.

Señor Feijóo, coas súas políticas non temos futuro.

E fíxese, vostede falou —e tamén o señor Puy— da balanza comercial, e están falseando igualmente os datos. En primeiro lugar, a única explicación dunha parte positiva da balanza comercial débese a que temos tres empresas, que se chaman Citroën, Repsol, e Inditex, que viven en Galicia. Pero fíxese, vostede sabe coma min que falar do saldo da balanza comercial —que creza— pódese dar por dúas razóns: unha, porque aumenten as vendas, que no noso país, aínda con esas empresas, tan só foi do 2,2 %; ou ben porque se afundan as importacións. E, efectivamente, afundíronse as importacións no noso país nada máis e nada menos, señor Feijóo, que o 19 %. Eu sei que non lle gusta ler, pero lea os informes do CES, porque o último informe do CES di exactamente isto. Non o di Alternativa Galega de Esquerda, dío o informe do CES. E di unha cousa máis interesante o informe do CES. No que atinxe á balanza interna comparativa coas balanzas do resto das comunidades autónomas temos un saldo negativo, señor Feijóo, en -3.194 millóns de euros. Por tanto, non nos venda motos, señor Feijóo. Está falseando os datos que vostede mesmo está a practicar na propia Xunta de Galicia.

E temos algo gravísimo. Aquí falouse, e a min encantoume porque estudei Dereito canónico e está moi ben falar da doutrina social da igrexa, da *Rerum novarum*, está moi ben, chegou a dicirse que querían axudar aos pobres. Nós non queremos axudar aos pobres, queremos redistribuír a renda, queremos xustiza social.

E fíxese, tamén ten vostede un ránking. Cando vostede chegou á Xunta de Galicia, tiñamos na redistribución da aportación dos asalariados á renda, efectivamente, un 53 %, e os beneficios empresariais situábanse nun 43 %. ¿Sabe cal é agora, señor Feijóo? Pois agora é exactamente á inversa. Agora mesmo, os beneficios empresariais son do 53 % e as aportacións salariais son do 43 %. É dicir, un país que dende logo está saqueando as clases traballadoras e que intenta saír da crise xustamente esmagando os de abaixo, todo a favor deses de arriba, que son os mercados, que son os seus amigos.

Pero fíxese tamén vostede, amigo dos empresarios, dende que chega a Galiza, a Monte Pío, con esas brumas que lle impiden ver a realidade, que non lle contan o país real, ese país invisible que loita contra vostede e as súas políticas,

resulta que a afiliación das empresas á Seguridade Social mingou nun 12,8 %.

Fíxese, ¿sabe cal é o dato de crecemento de empresas quebradas en Galicia en comparación co Estado? Pois nada máis e nada menos que crecemos nun 90 %.

E fíxese, señor Feijóo, vólvolle falar da débeda. É o presidente máis caro da historia do noso país, o presidente dos 10.000 millóns de euros, o presidente dos 100 millóns de euros ao mes. O presidente da austeridade, da solvencia, o que non ía gastar o que non tiña, ese presidente gasta en débeda a razón de 10 millóns de euros diarios.

¿Sabe, señor Feijóo, cantos floteis podería ter construído? Pois a friolera de 60 floteis. Explíquelles á cidadanía por que case triplicou a débeda no noso país, e díganos ademais –deixe de xogar– por que razón non entrou no FLA. Vólvelle dicir –e non o digo eu– que o señor Montoro –e saco aquí os papeis– lle chamou a atención a Galicia porque a súa brincadeira, a súa soberbia, de non entrar no FLA cústanos aos galegos e ás galegas 200 millóns de euros. Cóntelle iso á xente.

E claro, imos falar das súas propostas estrela. Unha era o emprego, que xa se ve que os datos son magníficos, e vostede ten a desfachatez de propoñernos aquí tres acordos.

Primeiro acordo: cheque-bebé, señor Feijóo. ¡Por favor, eh!, Coa que está caendo, é o cheque-bebé de Zapatero, señor Feijóo. Ímoslle votar en contra do cheque-bebé de Zapatero, señor Feijóo. E iso é o que está facendo vostede. Vostede preguntaba, eu si que teño fillas, pero ¿vostede cre que porque lle dean 100 euros ao mes a unha nai, a un pai ¿vai ter fillos? Non xogue, señor Feijóo. Cheque-bebé de Zapatero.

E, en segundo lugar, emprego xuvenil, señor Feijóo. Mire, ¿sabe o que está facendo a Xunta de Galicia co emprego xuvenil? Primeiro, permitir a invasión competencial da Xunta de Galicia. Eu tomeime a molestia e mirei a web, unha web que leva arriba “Ministerio de Trabajo”, da inefable señora Fátima Báñez.

Pero mire, ¿sabe cales son as ofertas que se propician desde os servizos públicos de emprego que vostedes están a

demoler? ¿Sabe que piden vostedes? –é así, señora conselleira, é así–, ¿saben o que piden? Pois piden, primeiro, experiencia mínima de 6 e 12 meses; e, en segundo lugar, señor Feijóo, o seu contrato preferido, o da última reforma laboral, contrato de formación; o contrato máis precario que temos dende que vostedes gobernan e na historia do dereito laboral no conxunto do Estado. Ese contrato que permite que haxa seres humanos con 32 anos que estean suxeitos a un contrato laboral –¡indecencia!–; ese contrato, señor Feijóo, que exige –nesas ofertas que vostedes fan– que nada máis e nada menos que sexan retribuídos co 80 % do salario mínimo interprofesional. E eu son de letras, pero estamos a falar de auténticas miserias.

Por tanto, dicímoslle que as súas propostas estrela non, e dicímoslle que non xogue cos maiores de 45 anos, porque, claro –e tomei a molestia de ler esas notas que pasa o seu equipo asesor–, dicírlles aos maiores de 45 anos que o que teñen que facer é facerse autónomos, señor Feijóo –eu xa sei que os servizos públicos de emprego están a facer iso–, é unha indecencia. Vostede sabe perfectamente que dicírlle a un ser humano que ten 45 anos que faga autoemprego, é dicir, que se faga autónomo ou autónoma, é condenalo á miseria. Non teño tempo para falar dos autónomos e autónomas quebradas, pero esta é a súa realidade.

Por tanto, ¿que queremos? Claro que queremos falar de emprego, e aí AGE leva propostas, pero a proposta é que vostedes recoloquen no orzamento exactamente os 400 millóns de euros que sacaron do mesmo. Queremos, ademais, dignidade, queremos unha renda básica para as persoas do noso país e queremos algo elemental, que a banca pública –fíxense se é posible–, como nesa comunidade que tanto citan, a Junta de Andalucía, agora mesmo inste ficha bancaria no Banco de España. Efectivamente, señor Feijóo, é posible. Instamos a banca pública para que vostedes deixen de facer negocios e instamos a que deixe de fracasar na súa política de loita contra os desafuzamentos. ¡Unha auténtica vergoña!

Respostaron a esta mesma voceira respecto da súa catástrofe na xestión dos desafuzamentos e, efectivamente, incrementáronse –como me din– nun 11 %, e botaron á rúa a máis de 10.000 persoas dende que están no propio Goberno. O Plan Reconduce, señor Feijóo, é unha broma. Repase a páxina web, cumpran cunhas formas, proxecto de orde. E,

fixese, incluso no Plan Recondue me teñen contestado que, das 199 actuacións, 90 foron completas; iso si, non son capaces de dicirnos se esas persoas foron botadas á rúa ou non. Señor Feijóo, fracaso, fracaso e fracaso. Por tanto, pedimos unha moratoria para que deixen de botar das súas casas ás persoas, non só persoas suxeitas a execucións hipotecarias, persoas tamén que teñen alugueres, que é o rostro do que está a acontecer.

Pedimos que cambien o modelo produtivo, porque é posible. Pedimos un modelo produtivo que vaia tamén na dirección do cambio climático. Pedimos un plan de desenvolvemento rural. E pedimos, señor Feijóo... Mire, o timo do tocomucho, o timo dos floteis. Vai ser vostede o presidente dos timos dos floteis, señor Feijóo. Flotel, flotel e flotel, nada do que ten prometido. O único que lle pedimos nesta Cámara é que rectifique a súa política sobre o naval e nos diga aos galegos e ás galegas, á comarca de Ferrolterra, que supera o 33 % de desemprego, se vai construír o dique flotante ou non. Non xogue máis. Vostede seguro que coñece os orzamentos do Estado, ¿que foi do BAM que tiñan comprometido na campaña das europeas, señor Feijóo? ¿Onde está?, porque na consignación orzamentaria, non. Chega a tempada de eleccións e vostedes prometen. Non se escude en Navantia. E se cre que en Navantia son moi malos ou na SEPI son moi malos, pida a dimisión de todo o *staff* de Navantia e de toda a dirección da SEPI; non frivoliche co naval, señor Feijóo. Por tanto, pedímoslle, efectivamente, que rectifique as súas políticas e que exixa o cumprimento do dique flotante.

Pedimos, nunha primeira iniciativa que, á vista ou como colofón de todo isto, a súa reprobación, exíxímolos, porque é un gobernante que loita contra o pobo, porque esmaga a maioría social, porque se merece, efectivamente, saír democraticamente desta Cámara polo mal que o ten feito.

E mire, finalmente, Lei de dependencia –vou facer dúas intervencións nesta Cámara–, o último informe do Observatorio Estatal: atopámonos na peor situación do conxunto do Estado; somos a comunidade autónoma que máis retrocedemos. E exiximos nas nosas propostas a retirada das 40.000 cartiñas que a señora Mato enviou mudando as condicións que tiñan acadadas os dependentes no noso país; esas cartiñas das que ela falou e chegou a dicir que ela non era “amiga de paguitas”. Non queremos paguitas, queremos dignidade.

Queremos que as 18.000 persoas que vostede recoñeceu que estaban xa avaliadas, sen prestación, teñan prestación. E queremos que as 8.000 persoas que están á espera dunha praza nun centro teñan ese prazo.

E queremos tamén, señor Feijóo, que deixen de sacarnos as cores, porque o balance que fai o Observatorio Estatal é que temos, en termos de persoas con dereito recoñecido e sen prestación, a porcentaxe máis alta do Estado. Dío o informe –non é de Alternativa Galega de Esquerda–, exactamente o 31,5 %; o equilibrio entre servizos e prestacións, o 30,9 %. E di o informe: última posición no Estado. Vostede, que tanto jaleaba contra o bipartito coa Lei de dependencia, señor Feijóo, estase cargando literalmente a Lei de dependencia. Pero, fíxese, no que atinxe aos expedientes de grao III, os grandes dependentes, sitúase nunha redución dun 10 %. Ou, por exemplo, vostede é dos presidentes que menos gasto público ten por cada unha das persoas.

Por tanto, e seguindo o que ten reclamado o Valedor do Pobo, efectivamente, vostede fai ineficaz a Lei de dependencia...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: Exiximos o rescate de Audasa e das autoestradas, deixen de rescatar os seus amigos, rescaten as persoas, as familias que non son capaces de sobrevivir.

E queremos tamén, señor Feijóo –iso que tanto nos din “os do non”; si, somos os do non–, dignidade e queremos un desenvolvemento económico digno para Galicia. Non queremos Reganosa na parte interior da ría de Ferrol, non queremos Ence na ría de Pontevedra e non queremos, señor Feijóo, que sigan continuando cun modelo enerxético...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...que se chama térmicas. Queremos que teñan un plan para que vaian camiño da súa extinción.

E queremos que reabran e que teñamos unha comisión para investigar o que ten acontecido en Angrois. Queremos

un país decente, señor Feijóo, e, lamentablemente, polo de agora con vostede non o temos.

Vou deixar, por razón de tempo, o que atinxe á cuestión da educación e á cuestión da sanidade para a segunda réplica. E pedímoslle, señor Feijóo, que teña dignidade, que mude as súas políticas e que deixe de facer negocios cos de arriba, coa banca, e satisfaga...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...os intereses da maioría social. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Díaz.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados, señores do Goberno, señor presidente da Xunta de Galicia.

Eu non vou citar nin a Thomas Piketty nin a moitas das persoas ilustres que citaron as que me precederon no uso da palabra, basicamente vou citar o presidente Feijóo, porque eu creo que o martes pasado na súa primeira intervención neste debate do estado da Autonomía dixo algunhas cousas que merece a pena citalas e que merece a pena, ademais, rebatelas.

Encetaba o martes o presidente Feijóo as súas verbas interpelando o conxunto dos deputados e deputadas desta Cámara sobre como nos ven os galegos respecto do noso comportamento, falando da exemplaridade e proponendo, ademais, que o Parlamento sexa a casa de todos. Inmediatamente despois, unha vez rematado ese debate, fomos recriminados pola Presidencia deste Parlamento porque o secretario xeral dos socialistas galegos falou nos pasillos deste Parlamento. Debe de ser que non é a súa casa neste caso.

Pero este presidente que nos falaba e nos recriminaba aos deputados é o mesmo que se nega sistematicamente a dar explicacións neste Parlamento, cuxo grupo político acotío

rexecta as comparecencias dos membros do Goberno pedidas pola oposición, que non resposta as iniciativas que se lle trasladan, que mantén agochados os famosos contratos de Pemex, a relación entre o Sergas e as empresas de Marcial Dorado –ese narcotraficante que era amigo seu–, e é o mesmo presidente que, coa falsa idea do aforro, quere recortar o Parlamento, quere recortar unilateralmente as regras de xogo democrático, quere recortar a representación da cidadanía e quere recortar a democracia. Iso si, gasta máis en asesores do Goberno que o gasto total por ano en deputadas e deputados deste Parlamento. *(Aplausos.)*

Si, señor Rueda, pero vostedes consideran mellor para a democracia recortar o número de representantes do pobo que o de cargos de confianza. ¡Pucheirazo electoral! Ao igual que a reforma que pretende promover o Goberno central para tentar manter alcaldías que saben que as teñen perdidas. O mesmo presidente que cada mércores, na sesión de control, falta ao respecto non só dos voceiros da oposición senón de toda Galicia, pois cada vez que fala aquí falta á verdade. O mesmo presidente cuxo grupo político mantén paralizada a Comisión de Investigación das Caixas de Aforros ou a Comisión de Estudo sobre a Corrupción Política e que pertence a un partido que conta con caixa B, con financiamento ilegal; denunciado non só polo señor Bárcenas e o señor Crespo senón tamén pola Policía, e non só en Madrid tamén aquí en Galicia, señor presidente. Ata o de agora vostede ningunha explicación crible sobre cal era a natureza da súa relación co narcotraficante Marcial Dorado *(Aplausos.)* nin sobre como se pagou a sede do Partido Popular en Pontevedra. E non estamos falando dun pasado no que vostede non estivera, estamos falando de cando vostede xa era presidente do Goberno, señor Feijóo. ¿Non se lembra? ¿Pásalle como coas viaxes co señor Dorado?

¿Quere falar vostede en serio de revitalizar este Parlamento? ¿Quere falar vostede en serio de rexenerar a vida política? Apoie as propostas do Grupo Socialista; acorde un pacto institucional pola integridade, orientado a promover valores e condutas éticas en todos os aspectos da vida pública; reduza, señor presidente, os postos de libre designación na Administración; promova unha drástica redución do número de persoas aforadas; exprese a vontade de requirir, para modificar a Lei electoral, unha maioría cualificada de dous terzos e que tamén se faga o mesmo coa LOREG, a fin de evitar eses oportunismos de cálculo dos que é presa o Par-

tido Popular; promova a modificación da LOREG para suprimir o voto rogado e que os emigrantes –eses aos que vostede agora xa non lles fai caso porque non o votan– poidan votar en urna; promova que comparezan os conselleiros e conselleiras cando non facilitan a información que se lles require, que se reforce o papel da Comisión de Peticións deste Parlamento e que se poidan crear comisións de investigación cun número de votos favorables dunha terceira parte do total.

Señor presidente, estas son as propostas de rexeneración política do Partido Socialista, apóieas. E se non quere apoiar estas así, apoie esta transacción que lle ofreceu o Grupo Socialista. Non pretenda vostede vir hoxe aquí filtrarlle a un medio de comunicación un acordo que non existe para lavar a súa imaxe. *(Aplausos.)*

Miren, a súa proposta é cativa, a súa proposta é insuficiente, a súa proposta é declarativa, mais, aínda así, para evitar confusións, o Grupo Socialista vaille dar o seu apoio. ¿Vostede que vai facer coa proposta que lle fixemos os socialistas? ¿Que vai facer, señor presidente? Votar que non. Polo tanto, ese é o seu compromiso coa loita contra a corrupción política.

Señor presidente, vostede gabouse de que Galicia non renunciou durante a crise ao autogoberno; nada máis lonxe da realidade. Ademais de vivir no período máis recentralizador da democracia co ataque, por exemplo, aos concellos coa reforma da Administración local ou á xustiza de proximidade ou coa supresión dos partidos xudiciais ou coa lexislación estatal que está indo en contra dos intereses de Galicia, como a reforma enerxética –véxase, se non, o parón das renovables ou o bocado que lle fixeron a Sogama–, o Goberno central diminúe ano tras ano os orzamentos para Galicia, paraliza as infraestruturas que tiñamos pendentes e adía o novo modelo de financiamento autonómico, promovendo unha reforma tributaria que prexudica a Galicia.

Os socialistas propoñémoslle, señor presidente, que rexeite calquera retraso no novo modelo de financiamento autonómico e que reclame do Goberno do Estado o establecemento dun mecanismo compensador para resarcir o sobre-custo financeiro que está a satisfacer a nosa Comunidade Autónoma pola emisión de débeda pública en relación coa maior parte do resto das comunidades autónomas. Financiar,

como se está facendo agora, gasto corrente con débeda pública non parece unha xestión eficiente dos recursos, señora conselleira de Facenda.

Manifesten vostedes, xunto con nós, a posición contraria ao Proxecto de reforma tributaria aprobado polo Goberno do Estado e demanden unha nova formulación do mesmo, no que participen as comunidades autónomas, que avance en progresividade e equidade, que aposte pola loita contra a fraude fiscal e que afonde na autonomía financeira e tributaria da nosa comunidade autónoma. Por certo, inclúan nesa proposta de reforma os pensionistas emigrantes –que se manifestaban o martes cando vostede estaba falando aquí– para que se lles equipare a súa tributación fiscal á dos pensionistas nacionais. E rexeite, señor Feijóo, a reforma da Administración local promovida polo Goberno central, garantindo o financiamento aos concellos do custo real dos servizos prestados. Reclame tamén do Goberno central que remate coa ralentización na execución da obra pública que ten adxudicada e que acometa as infraestruturas pendentes entre Galicia e Madrid, tanto en liña de alta velocidade como en vías de alta capacidade como nos portos de interese xeral. Deixe de ser ese gatiño que maúlla en vez de ser aquel tigre como facía co señor Zapatero.

Rexeite, señor Feijóo, rexeite a reforma xudicial mantendo os 45 partidos xudiciais. Derroque a inxusta e discriminatoria Lei de taxas, e hai que parar a privatización dos rexistros civís.

Vostede falaba o martes de servizos públicos, e cando falaba de servizos públicos aludía sempre á corresponsabilidade das e dos empregados públicos. Esqueceu vostede dicir que nos últimos cinco anos veñen sufrindo con severidade a crise, acumulando unha perda do seu poder adquisitivo insoportable. Non é comprensible que se mandate para o 2015 unha nova conxelación nas súas retribucións. Máis cando o estímulo ao consumo constitúe unha das pezas para acadar un maior crecemento e unha máis pronta recuperación; desoíndo, por certo, as recomendacións de diversos organismos internacionais, como pode ser a OCDE ou, ultimamente, a Organización Internacional do Traballo, que alertan das consecuencias negativas que tiveron sobre a economía real os recortes salariais.

Os anuncios dunha recuperación, mesmo parcial, do importe da paga extra do 2012 non son unha prebenda do

señor ministro, é un acto de xustiza, é un dereito recoñecido por numerosas sentenzas xudiciais. En calquera caso, non compensa o que lles levan recortado.

Seguen as limitacións en persoal novo a través da taxa de reposición, que segue resultando, aínda que se incrementa no 50 %, absolutamente insuficiente; sobre todo, para atender os servizos públicos básicos, como a sanidade, a educación, os servizos sociais e o persoal investigador das universidades, que é un dos máis castigados nesta crise. Por iso nós propoñemos que se faga unha taxa de reposición do 100 % nos servizos da sanidade, educación, servizos sociais e persoal investigador das universidades. Esta é a nosa proposta. Sen facer isto, é imposible prestar con calidade os servizos públicos, e non se poden retorcer máis as cifras, señor presidente, nin abusar máis do efecto estatístico –ou torturalas, como dicía o portavoz Méndez Romeu no debate do martes–.

Vostede dixo que hai o dobre de recursos que no 2009 para loitar contra a pobreza. Esqueceu que hai case un 20 % máis de persoas en pobreza, e que os recursos dos que presume só chegan a 7.700 persoas. Señor Feijóo, en Galicia hai máis de 33.000 fogares nos que non entra ningún ingreso, e vostede confórmase con corenta e dous millóns e medio de euros cada ano para atender a 7.700 persoas. ¿A vostede parécelle que esta é a mensaxe que ten que mandar o Goberno de Galicia? Pois, mire, nós fixemos unha proposta –fíxoa o señor Méndez Romeu–, unha proposta de renda social precisamente para esas familias, para as que non teñen ningún ingreso, dotada con 180 millóns de euros; para que ningunha familia quede sen ingresos, señora conselleira e señor presidente.

E, por certo, na negociación do novo modelo de financiamento autonómico deberían vostedes de apostar por crear un fondo de garantía do Estado do benestar que poida servir, por exemplo, de reserva para garantir esas prestacións básicas en períodos de insuficiente crecemento económico ou crise. Esa é a nosa proposta.

Tamén afirmou vostede que estaba o Goberno a carón das persoas que foron desafiuzadas, arredor de 6.000 familias galegas nos últimos tres anos. Señor Feijóo, escóitame, ¿sabe vostede que das 500 vivendas públicas que puxeron á disposición das familias só están ocupadas 33? ¿E vostede

non se pregunta por que pasa isto? Pois isto pasa porque a Xunta de Galicia non está facendo ben as cousas. ¿Sabe cal é a proposta? A proposta é que traspasen a xestión desas vivenda á Consellería de Traballo e Benestar. ¿Quen mellor sabe no Goberno cales son as familias que precisan esas vivendas, esas familias desafiuzadas? E que ademais promovan un plan de vivenda social para novas unidades familiares e para xente moza. Esa é a proposta.

E non podo resistirme a contar o do ticket eléctrico, porque tamén se gabou diso o señor Feijóo o martes. Un ticket eléctrico, unha axuda da Consellería de Industria, que paga 45 euros a unha familia por seis meses de consumo enerxético, e que para presentar a solicitude para poder obter eses 45 euros, señor conselleiro, fai falta certificado de convivencia, certificado de empadramento, informe dos servizos sociais do concello, declaración da renda do ano anterior, amén de identificar convenientemente a cada un dos que viven nese fogar. ¿A vostede parécelle que unha persoa que está ao borde da exclusión social e en risco de pobreza teña que presentar todos eses documentos para entregarlle 45 euros cada seis meses? ¡Por favor!, señor conselleiro, deixen que iso o fagan os servizos sociais dos concellos, que parece que vostedes lles teñen medo ao que poidan facer os servizos sociais dos concellos. *(Aplausos.)*

A mesma propaganda que o ticket eléctrico é o que o leva a afirmar cada día que o 80 % do orzamento se dedica a gasto social. Señor presidente, oito puntos menos que no ano 2009 no orzamento da Xunta en gasto social, 4.016 millóns de euros menos, señor presidente, por moito que intente torturar as cifras. Mire, na realidade, os informes de xullo deste ano 2014 en materia de servizos sociais feitos pola Asociación de Directores Sociais de España sitúan a Galicia no posto número 14 das comunidades autónomas, e baixando a súa puntuación con respecto ao ano anterior: gasto inferior á media estatal, menor financiamento para os concellos que a media estatal, menos prazas residenciais diúrnas e ocupacionais para as persoas con discapacidade que a media estatal, menos prazas en centros de acollida para as mulleres vítimas de violencia machista que a media estatal, menos prazas para as persoas sen fogar que a media estatal, menos prazas públicas e privadas residenciais para persoas maiores de 65 anos e menos cobertura da axuda á domicilio que a media estatal. Esta é a realidade. ¿Que propoñemos? Que se equipare –damos un prazo, cinco anos– a dotación de prazas públicas de centros

de día, residenciais para persoas maiores, escolas infantís e centros de exclusión ás ratios da Unión Europea. Cinco anos para facelo, señores do Partido Popular.

O Estado do benestar segue sendo atacado por este goberno, que substitúe dereitos por caridade e asistencialismo fronte a inclusión. Non só se recortan as prestacións, incrementase o aporte das persoas usuarias –copagos e repagos– e se reduce persoal, senón que tamén se abre a porta á privatización en todos e cada un dos ámbitos. Por iso os socialistas presentamos varias propostas precisamente para reforzar os servizos públicos. ¿Como? Garantindo unha sanidade pública, universal e de calidade, anulando para iso os repagos, os financiamentos público-privados e transparentando as listas de espera para respectar os dereitos das persoas usuarias.

As súas señorías xa saben que eu son do Morrazo. O señor Feijóo tamén aspira a selo en breve, segundo el mesmo conta nos medios de comunicación. Pois quero que saiba, señor Feijóo, que coa súa decisión de construír o hospital de Vigo polo modelo concesional –e máis pequeno– fixo vostede dúas cousas prexudiciais para os cidadáns da área sanitaria do sur de Galicia. Primeira, señor Feijóo: cando vostede fai un hospital máis pequeno, está condenando os veciños e veciñas do Morrazo e do Baixo Miño a que sigan tendo como hospital de referencia un hospital privado, Povisa –mentres lle entrega o negocio, evidentemente, a ese hospital privado–. E, segunda: cando vostede fai un hospital desas dimensións polo método concesional, estalle dicindo ao empresario que no futuro, cando haxa que modernizar as instalacións hospitalarias, o que se vai ter en conta é a conta de resultados da empresa, que non é unha ONG, non a saúde pública. Vostede estalles facendo iso aos cidadáns do sur de Galicia, que, por certo, son os únicos que a partir desa decisión súa van ter como hospital de referencia un hospital privado.

Un dos últimos dereitos recoñecidos, dentro do cuarto pilar do Estado de benestar, é o da autonomía persoal, a atención ás persoas dependentes. Un dereito que agora mesmo está ferido de morte. A Administración xeral do Estado, en vez de incrementar o seu aporte ata chegar ao 50 % que tiña comprometido, baixouno a un 19 % co señor Rajoy. As persoas no chamado “limbo da dependencia” son en Galicia moi superiores á media do Estado. Tamén perdemos, señor Feijóo, poboación atendida por encima da media estatal, e o

gasto público por dependencia e ano, como dicía a portavoz da AGE, está por debaixo do 90 % da media de gasto estatal.

Cando vostede veu aquí o martes, dixo: “Hai agora máis dependentes atendidos que no 2008”. Claro, no 2008 había máis que no 2007, no 2009 había máis que no 2008, pero a partir do ano pasado, señor Feijóo, Galicia xa está perdendo poboación atendida por dependencia. ¿E sabe onde máis perde? Nos grandes dependentes, neses que vostede dicía que se comprometía a atendelos en primeiro lugar.

¿Que pedimos? Pedimos garantir o cumprimento da Lei de dependencia, que se retiren esas avaliacións feitas novas ás persoas dependentes, que se lles manteñan os dereitos recoñecidos, que non se introduzan nin novos copagos nin se incrementen os que existen, e que se demande do Goberno do Estado un acordo para garantir a sostibilidade desta lei que teñen ferida de morte entre os señores Feijóo e Rajoy.

Nin unha palabra, na súa exposición, da Lei de educación, da LOMCE, esa lei aprobada en solitario polo PP que ataca as comunidades autónomas, o idioma propio, que segrega, exclúe e crea unha profunda desigualdade no noso sistema educativo. O PP ten o seu propio plan, ao que Feijóo lle chamaba o martes “un sistema máis accesible e máis competitivo”. Traducido: menos profesorado, reducir e limitar as bolsas, fomentar os préstamos bancarios a universitarios. Chámase, por dicilo doutro xeito, ruptura da equidade no acceso á educación, perda de oportunidades e o talento de moitas persoas mozas. Así é como se chama.

¿Que propoñemos? O rexeitamento da LOMCE, rematar coa redución do gasto educativo, que se derroque o novo decreto de bolsas, que se recuperen os servizos da ensinanza e o gasto dos centros educativos, que se recupere a gratuidade universal dos libros de texto, e material escolar para todos, tamén para o alumnado con necesidades especiais; e que se deixe de facer propaganda coa FP dual.

O colmo da hipocrisía, señor presidente, foi o paquete de medidas dedicadas a impulsar a natalidade dentro do plan de dinamización demográfica. ¿Para vostede as rendas máis baixas son as de menos de 22.000 euros, por exemplo, señor presidente? ¿Son esas? Porque, se son esas, teño que comunicarlle que os seus compromisos de deducións fiscais son pura cosmética, posto que non se pode facer dedución fiscal

se non se presenta a declaración da renda. *(Murmurios.)*
(Aplausos.)

¿Sabe o que teñen que facer vostedes? ¿Sabe o que teñen que facer vostedes? Incrementar, subir, a taxa de ocupación feminina e maiores servizos públicos que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non dialoguen, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: ...permitan a conciliación da vida familiar e laboral. Sen iso, señores, non hai plan demo-gráfico que valla.

Fixo o presidente unha promesa —e logo explicarei algunhas outras iniciativas—, unha promesa sobre emprego a maiores de 45 anos; iso si, sen concretar orzamento nin método. E tamén —neste caso si puxo cifra— incrementar en 48 millóns de euros os fondos do Plan de emprego xuvenil, un plan de emprego xuvenil, presidente, que lle teño que lembrar que o comprometeu vostede no ano 2009 e que o fixo cinco anos despois. ¡Bueno!, fixoo..., é un corta e pega: partidas dun lado, partidas doutro... E colleron todas as partidas orzamentarias...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: ...e aí puxeron este plan de emprego xuvenil, porque ata o de agora non ten resultados.

Miren, non é crible, non é crible. O Goberno autonómico dedica actualmente ás políticas activas de emprego menos da metade que hai cinco anos. Temos máis persoas en paro que cando vostede chegou ao Goberno, e temos un diferencial de peor comportamento con España, como xa lle explicaron outras que me precederon no uso da palabra. E, ademais, vostedes, desde que chegaron, o que fixeron foi despedir persoal do Servizo Público de Emprego, orientadores laborais que farían falta neste momento para axudar as persoas a atopar emprego. ¿Que lle propuxemos nós? Pois xa o sabe, señor presidente: 400 millóns de euros en dous anos para facer un plan de emprego para as persoas paradas de longa duración, para as persoas maiores de 45 anos, para os mozos e as mozas e para as mulleres. Iso é o que lle propuxemos.

Miren, non podemos pretender competir internacionalmente nin mellorar a economía vía recortes nin vía recortes de salarios. Temos que competir vía innovación...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: ...e valor engadido. Por esta volta, para estas iniciativas, señor presidente, eu pídolle que as apoién. Eu pídolle, señor Feijóo, que deixe que lle toque a realidade a vostede e ao seu Goberno; que sexa consciente de que en Galicia hai paro, pobreza e desigualdade, máis que cando vostede chegou, por moito que queira retorcer as cifras; que diga a verdade, que respecte o país que goberna, comezando por ser honesto, por dar explicacións polas augas turbias nas que está envolto o seu partido e vostede mesmo.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, grazas, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Que deixe de degradar as institucións e de golpear a calidade da democracia, e que defenda a aqueles que están sufrindo.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, grazas, señora Gallego, terminou o seu tempo.

A señora GALLEGO CALVAR: Que aposte por Galicia e polos galegos e as galegas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, señor presidente da Xunta, nós criamos que esta era a segunda... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): ¡Silencio!

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Coma todos.

¡Silencio!

Son bastante ecuánime nisto, non me dea vostede leccións disto, ¡eh! (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Non me vai dar vostede a min leccións disto, son bastante ecuánime.

(*Protestas.*) (*Murmurios.*)

Non, non, non dialogue comigo sobre esa cuestión, por favor, que son bastante ecuánime presidindo. ¡Por favor!

(*Murmurios.*)

¡Silencio, se queren! Silencio, ¡se queren!

Está no uso da palabra ou estaba no uso da palabra a señora Rodríguez Arias.

Cando queira, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Se é posible no meu turno, no turno da viceportavoz do Grupo Parlamentario Popular, quería deixar reflectido o que acabamos de ver, que é o que aconteceu durante todo o debate do estado da Autonomía.

O Grupo Parlamentario Popular acudía a este debate coa mellor predisposición para acadar acordos, pensando que os cidadáns neste momento o que nos pedían eran buscar canles de entendemento entre todos os grupos parlamentarios. Pero os acordos non dependen só do grupo maioritario desta Cámara, os acordos dependen tamén de vostedes, dos grupos da oposición. E resulta evidente, e acábano de demostrar, que veñen vostedes cunha predisposición contraria aos acordos. En primeiro lugar, polas súas intervencións, non só as de hoxe, senón as intervencións co debate do estado de Autonomía na súa primeira sesión e tamén coas súas propostas de resolución. Está claro que a oposición vén aquí cunha mensaxe clara que quere trasladar á cidadanía, que é: a oposición suspende a Feijóo, a oposición di que o Goberno é un Goberno incompetente. Pero moitos hoxe facémolos unha pregunta: ¿aprobou a oposición este debate do estado de Autonomía?, ¿estiveron vostedes á altura do que esperan os cidadáns de nós nun debate tan importante como este? (*Murmurios.*) Dende logo, eu non vou responder a esa pregunta pero debían de reflexionar vostedes. (*Aplausos.*) Deberían de reflexionar se están á altura das circunstancias

do que os cidadáns nos están a pedir aos políticos neste momento.

Vostedes piden respecto, vostedes piden rexeneración democrática, pero temos que empezar a respectarnos entre nós para que a cidadanía poida entender que neste Parlamento si vale a pena que os deputados e as deputadas loitemos polos seus problemas. Porque nós podemos discrepar nesta Cámara, por suposto que podemos discrepar, o que non esperan de nós é que recorramos ao insulto, que recorramos ás broncas, á crispación e á descualificación. Iso descualificanos, a vostedes pero tamén por suma a nós. E non queremos entrar nese xogo, porque foi o que aconteceu durante todo este debate.

Sigan vostedes co seu discurso, nós non somos ninguén para dicirlles o que a oposición ten que facer ou ten que dicir. Sigán vostedes facendo as súas análises catastrofistas, diagnoses catastrofistas, que nós o que imos facer é centrarnos nos temas que realmente lles preocupan aos cidadáns, como fai o Goberno da Xunta e como fan o Goberno e o Grupo Parlamentario Popular presentando estas propostas de resolución. Porque é un Goberno que a pesar da crise económica, a pesar das dificultades económicas apostou e segue apostando polas políticas sociais. O esforzo que está a facer o Goberno galego en relación coa sanidade, en relación coa educación, en relación cos servizos sociais, en relación coa loita contra o desemprego podémolo demostrar, e queda perfectamente reflectido nas cifras que lles imos dicir.

Vostedes acúsannos de querermos destruír o Estado do benestar, vostedes acúsannos de que queremos cargarnos a Lei da dependencia e vostedes acúsannos de que queremos facer negocio cos que máis o necesitan, cos servizos sociais. Dende logo, é deleznable o que vostedes están facendo neste debate. Porque, miren, se hai alguén que publicamente, que era presidente da Xunta de Galicia, acusou un grupo, un partido que gobernaba con el, de que facía negocio e unha rede clientelar cos servizos sociais non foi o Partido Popular, foi unha acusación directa do presidente da Xunta do Partido Socialista ao vicepresidente da Xunta do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) Ese si que lle dixo que tiña unha rede clientelar.

Miren, destruír o Estado do benestar non é destinar 500 millóns de euros á área de benestar. O gasto social incre-

mentouse en dez puntos dende o 2009, e vostedes pódeno comprobar. Isto é o que destinaban vostedes a gasto social no ano 2009, un 68,2 %; o que se destina este ano é un 78 % ao gasto social. Debe de ser que algúns confunden o que facían eles co que está facendo neste momento o Goberno da Xunta de Galicia; *(Aplausos.)* están completamente confundidos.

E hai deputados e deputadas que chegan a esta Cámara finxindo que nunca estiveron no Goberno, finxindo que eles non foron conselleiros, e agora están na oposición criticando o Goberno sobre cuestións que eles mesmos levaron a cabo. Un exemplo: Lei de dependencia. Aquí vénsenos acusar de que nós non estamos a aplicar a Lei da dependencia, e non que queremos atender os nosos dependentes en Galicia. Pois, miren, en 2009 vostedes, para atender os dependentes, destinaban 126 millóns de euros; en 2014 este Goberno da Xunta de Galicia destina 272 millóns de euros, un 116 % máis que no ano 2009. *(Interrupcións.) (Murmurios.)* E sigo: multiplicouse por cinco o número de prestacións recoñecidas. Cando vostedes gobernaban recoñeceron a 14.000 persoas, neste momento case 78.000 prestacións de dependencia están recoñecidas. Señorías, non pedimos que nos aplaudan, pero o que non poden facer é retorcer a realidade. E a realidade é que hai máis do dobre do orzamento e que se multiplicaron por cinco as persoas e as prestacións recoñecidas, e iso é a verdade. *(Aplausos.)*

E como queremos falar das nosas propostas, en relación coa dependencia, vostedes saben que nós temos unha proposta, que é incrementar en 2.000 as altas do sistema antes de que finalice o ano.

E se queren falamos tamén de inclusión social e das persoas que máis están a sufrir os efectos desta crise económica: 62,2 millóns de euros para atender a estas persoas, un 85 % máis que o que destinaban vostedes no ano 2009. E este é o partido que non apoia as persoas que peor están a pasar en Galicia.

En relación coa risga, vostedes destinaban un 87 % menos do que se destina agora para pagar a renda de inclusión social de Galicia. Neste momento destínanse 42,7 millóns de euros. E ademais temos unha proposta para incrementar a partida da risga, como mínimo, na mesma porcentaxe que o incremento das solicitudes. ¿Por que? Porque este

Goberno non quere deixar ningunha persoa desatendida que neste momento teña unha necesidade. E se unha persoa ten dereito á risga este Goberno vai facer efectivo o pago desa risga, aínda que vostedes digan que este Goberno non atende as persoas que peor o están a pasar.

E se queren falamos das pensións non contributivas. Galicia é unha das cinco comunidades que pagan o complemento das pensións non contributivas: 9,5 millóns de euros a 43.000 persoas, a 43.000 galegos e galegas.

E se queren falamos de infancia e da familia: 61 millóns de euros, señorías, para escolas infantís, para axudas a fillo a cargo, para o cheque infantil, para centros de atención á infancia; 3.300 novas prazas en escolas infantís, e ademais temos unha proposta para incrementar antes de que remate o ano en 2.000 novas prazas máis de escolas infantís. Vostedes dedicaban un 11 % menos ao cheque infantil. As deducións fiscais por nacemento ou adopción dun fillo incrementáronse nun 20 %.

E se queren falamos de dinamización demográfica, das novas propostas de axuda e incentivo á natalidade. Señora Gallego, ten que repasar a nosa proposta e se non podemos-la explicar. Hai un paquete de medidas polo que se incrementa ata os 1.200 euros/ano durante tres anos a dedución por nacemento ou adopción do segundo fillo, e ata os 2.400 euros/ano durante tres anos a partir do terceiro fillo. Pero hai persoas, efectivamente, señora Gallego, que non fan a declaración da renda porque non teñen que facer a declaración da renda, pero esta medida significa que estas persoas que non fagan a declaración da renda terán unha prestación directa por parte da Xunta de Galicia e da Consellería de Traballo e Benestar. *(Aplausos.)* ¡Unha prestación directa!, señora Gallego, ¡unha prestación directa! *(Murmurios.)*

E critican esta medida porque a comparan co cheque bebé do señor Zapatero. Miren, o cheque bebé era para os ricos e para os pobres, como a vostede lle gusta dicir, señora Díaz. E neste momento estas medidas son para as familias, para os nenos e para as persoas que menos teñen e que máis o necesitan. Iso é pensar nas persoas que máis o necesitan, *(Aplausos.)* non nos ricos, señora Díaz.

E en plena crise económica as políticas do Goberno da Xunta chegan a máis cidadáns que en época de bonanza. E

isto podémolo demostrar: 157,5 millóns de euros en infraestruturas sociais, máis de 7.300 novas prazas públicas dende que chegamos ao Goberno, un 63 % máis de prazas públicas sociais das que nos deixaron vostedes. Hoxe, Galicia conta con máis prazas públicas en residencias, en centros de día, en centros de Alzheimer, unhas 3.000 novas prazas novas; 3.320 novas prazas en escolas infantís.

E en relación co emprego, o obxectivo prioritario de todo o Goberno da Xunta é loitar contra o desemprego. O paro é o principal problema de Galicia, pero é que tamén é o principal problema de moitas das nosas familias e de persoas que nós temos ao redor. Polo tanto, non podemos consentir o que vostedes están a dicir. Porque, miren, é certo que Galicia é unha das catro comunidades nas que máis baixou o paro no último ano, é certo que 22.530 persoas abandonaron a lista do paro nos últimos doce meses, pero a prioridade para nós son os 238.203 galegas e galegos que sofren o paro. A nosa pregunta é: ¿cal é o seu modelo para Galicia? Porque o modelo da Xunta de Galicia e do Goberno do Partido Popular está claro, pero ¿cal é o seu modelo? Agora veremos cal é o seu modelo.

Para facer fronte ao desemprego entre mozos e mozas menores de 30 anos a Xunta de Galicia puxo en marcha un Plan de emprego xuvenil, dotado con 100 millóns de euros. Cen millóns de euros que nós propoñemos agora que se amplíen en 48 millóns de euros, co que serían 148 millóns de euros en poñer en marcha un novo Plan de emprego para persoas maiores de 45.

E repito: ¿cal é o seu modelo? Porque o paro rexistrado no último ano do Goberno bipartito subiu un 32 %; agora o paro baixa un 8,7 % en Galicia. Dende logo, non sei cal é o seu modelo. Sabiamos o que tiñan cando gobernaban vostedes, e non queremos volver a ese modelo, porque o modelo do Goberno anterior non funcionou, e xa llelo dixeron, e queren volver cometer os mesmos erros que o Goberno pasado. Porque o Partido Socialista nas súas propostas propón un plan de emprego para crear 50.000 postos de traballo; por certo, a 4.000 euros anuais por traballador. Non sei como lle pode chamar vostede a iso, señora Gallego. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E vostedes gastaban un 60 % máis en asesores cando gobernaban a Xunta de Galicia. ¿Como poden ter a desfa-

chatez de chegar a este debate do estado da Autonomía e acusar o Goberno da Xunta de Galicia do que gasta en asesores? Un 60 % máis. E vostede sábeo, señor Méndez Romeu.

E aforráronse 51 millóns de euros na racionalización da Administración paralela, e vanse aforrar outros 6,5 millóns de euros nunha terceira fase.

E se lles pedimos sacrificios aos cidadáns, se lles pedimos sacrificios a todos os galegos e as galegas, ¿por que o Parlamento de Galicia non poder facer un sacrificio? ¿É que o Parlamento de Galicia e o número de deputados é intocable? ¿É que todos os galegos e as galegas teñen que facer esforzos menos os deputados e as deputadas dos grupos da oposición? Pois non, señores. Se queren escoitar a cidadanía, se tanto presumen que saben o que a cidadanía pensa, pregúntenlles e consúltenlles o que opinan sobre esa reforma.

E en relación coa sanidade pública galega. Repetimos: a sanidade pública galega é 100 % pública, os nosos hospitais son 100 % públicos, *(Aplausos.)* a prestación sanitaria está prestada por profesionais do Servizo Galego de Saúde. Aos que tratan de meter medo á xente sobre o tema de privatización, recordarlles que tamén dicían que os médicos daban altas a cambio de 30 euros, que cobraban 206 euros por consulta, que se ían cobrar 513 euros por día de hospitalización e que se ían quitar as prestacións sanitarias aos parados. Xa me poden dicir que credibilidade teñen vostedes cando din que defenden a sanidade pública, cando o único que fan é desprestixiar a sanidade pública galega, que non se merece que digan vostedes o que din da sanidade e dos seus profesionais.

E mentres noutras comunidades autónomas se paralizaban obras, se pechaban hospitais, ¿que se fixo en Galicia? Poñer en marcha obras importantes en cinco hospitais e quince novos centros de saúde. Uns 122,4 millóns de euros en infraestruturas sanitarias. Non gusta escoitar isto: *(Aplausos.)* 134 millóns de euros en infraestruturas sanitarias.

E, señores do PSOE, parece ser que o novo hospital público de Vigo para vostedes é pequeno, debe de ser que 1.465 camas son máis das que vostedes deberon de poñer en marcha nun novo hospital de Vigo, porque non lles chegan

esas 1.465 camas. Pero vostedes nin fixeron un novo hospital en Vigo, nin dotaron de 1.465 camas aos cidadáns de Vigo.

E, ademais, gustaríame recordar aquí unha frase dunha persoa que estivo de actualidade estes días porque fixo a valoración do debate do estado da Autonomía, da intervención do presidente, (*Murmurios.*) que dicía: “*Es accesorio...*”. Señor Gallego, escoite que a vostede lle interesa. (*Murmurios.*) Escoite, por favor, que lle interesa.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor, non dialoguen.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: “*Es accesorio que un hospital lo gestione una empresa si el Gobierno lo controla.*” Feijóo *dixit*, non; Besteiro *dixit*, señor Gallego; Besteiro *dixit*. (*Aplausos.*)

Señorías, somos a segunda comunidade con máis profesores por alumno. Temos a taxa de abandono escolar que baixa: en 2009 era dun 25,8 % e no 2013 é dun 20,4 %. Galicia será un ano máis a comunidade coa taxas universitarias máis accesibles de España, ¿por que? Porque este Goberno, que tanto demonizan vostedes, conxelou a matrícula durante catro anos. Case 29 millóns de euros para comedores escolares, 9.000 prazas máis en comedores escolares que no ano 2009, ¡9.000 prazas máis!

Miren, nós o que queremos tamén é aproveitar estas propostas de resolución para facer unha firme condena a todo tipo de actos terroristas, como os acontecidos en Baralla, e as organizacións terroristas que exercen este tipo de actos como Resistencia Galega. Rexeitamento a calquera tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou minusvalore a violencia terrorista. E non puidemos chegar a un entendemento con algún grupo parlamentario porque querían que elimináramos Resistencia Galega da nosa proposta de resolución. E eu hoxe quérolles dicir: señorías, os que poñen bombas son terroristas, e niso non podemos ter dúbida, e temos todos que condenar o terrorismo. Non se pode xustificar, non se pode amparar, nin se pode minusvalorar a violencia terrorista.

E temos enriba da mesa medidas de impulso democrático e medidas para a prevención, erradicación da corrupción

política. Señor Méndez Romeu, señora Gallego, vostedes saben que o señor Pedro Puy e mais eu fomos onte negociar, intentar negociar con vostedes esta proposición. Hoxe ás dez e media da mañá chéganos un texto alternativo. Comprenderá vostede que nos chega moi preto deste debate, pero pode estar vostede seguro de que a súa proposta se tomará en conta na Comisión non permanente da situación da corrupción política en Galicia. Pero pode vostede entender que se tivemos toda a tarde para negociar pois ás dez e media da mañá chega un pouco tarde coa súa proposta para este debate do estado da Autonomía. (*Aplausos.*)

E vou rematando porque parece ser que a intervención da portavoz do Grupo Parlamentario Popular pois non interesa, non importa, ou parece que non a queren escoitar. Pero, miren: apostamos por consolidar a recuperación económica, apostamos por loitar contra o desemprego, apostamos polos servizos sociais, polos servizos públicos de calidade, pola sanidade, pola educación. Vostedes, que piden dereito a decidir, tiveron dereito a decidir neste debate do estado da Autonomía. ¿E que decidiron? Pois apostar pola confrontación, apostar por non acordar co grupo maioritario desta Cámara. Pero nós seguimos centrados e preocupados nos asuntos que preocupan á cidadanía. Por iso presentamos estas propostas de resolución.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Rodríguez Arias.

Rolda de posicionamento dos grupos parlamentarios respecto das propostas dos demais.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días a todas e a todos de novo.

Esta parte para min é doada de desenvolver, porque votarei a favor de todas as propostas presentadas polo Grupo Socialista, por Alternativa Galega de Esquerda e polo BNG. A xustificación deste voto en positivo é que comparto todo o que nelas se expresa. Só presenteí dúas transaccións sobre

o mesmo asunto ao BNG e a AGE. Ao BNG, logo dun diálogo mantido, non puidemos transaccionar, pero votarei igualmente a favor. E por coherencia, aínda que non dialogaron comigo, tamén votarei a favor da proposta de AGE, que máis ou menos é a mesma.

Comparto o discurso crítico da oposición, coido que a situación do país é dramática e que a xente é a que está a pagar as consecuencias, e isto é contundente.

Con respecto ás proposicións do PP, teño que dicir que, aínda que breves, moitas delas utilizan unha linguaxe case inintelixible ou unha redacción tan enrevesada que leva máis tempo entendelas que algunhas das propostas do resto dos grupos. Votarei a favor das seguintes proposicións do Partido Popular: a número 2, sobre medidas de corrupción, porque é unha proposición que suma; a número 4, condenando os grupos terroristas, pero non só me limito a condenar o terrorismo de catro ou cinco aquí, senón o terrorismo internacional e o terrorismo de Estado tamén, ¡eh!; impulsar as tecnoloxías, porque me parece avanzar; sobre a Plataforma de contidos dixitais nos colexios; a 18, polo polo aeronáutico; a 24, un Atlas das paisaxes de Galicia, paréceme unha proposta que se pode dicir que si; a 27, a Axenda dixital de Galicia no horizonte do 2020; a 28, para integrar para a mellora enerxética dos fogares; a 34, para reforzar as medidas de prevención e loita contra a violencia de xénero, como non podía ser menos; a 35, que no deseño da nova Planta xudicial se teñan en conta as peculiaridades e necesidades que Galicia presenta para unha axeitada prestación do servizo público da xustiza; e a 37 —esta con moito pracer—, o incremento do uso do galego no ámbito da xustiza, porque é un ámbito castelanizado completamente.

Eu presenteí oito propostas de transacción: a 2, a 6, a 8, a 10, a 12, a 38, a 39 e a 40. Pero non foi posible chegar a un acordo na 38, que transaccionamos, para incidir na investigación da fraude. Entón, non foi posible un acordo, porque nós queremos unha lei que regule esta historia.

As emendas presentadas incidían na titularidade pública, na taxa de reposición do 100 % para postos que quedan libres por xubilación ou polo que sexa, ou na coletilla —as emendas ían dirixida aí— que tanto lles gusta con: “continuar ou seguir continuando..., ou seguir desenvolvendo..., ou seguir impulsando...”, cando nós cremos que a liña seguida ata o momen-

to non é a adecuada. Entón, o verbo seguir pois aquí non ten moito sentido para min, porque seguir ou continuar supón que se vai facer a mesma política, que se segue na mesma liña.

Co resto abstereime ou votarei que non, porque as considero pouco cribles.

Quédanos moita loita: a función redistribuidora do Estado; acabar coas políticas de austeridade, que están precarizando e sometendo a poboación, converténdonos en meros súbditos; a corrupción; o paro, que ataca máis colectivos como a muller, a xente nova; a protección da infancia; as desigualdades sociais... Queda moito camiño por percorrer entre todas e todos, e espero que este Parlamento sirva, á parte de para debater, para consensuar tamén políticas de progreso e políticas adecuadas na economía, no emprego e na modernización do país.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Igrexas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías, lamentamos hoxe que a portavoz do PP veña a este debate, fronte a todo o que está pasando fóra deste Parlamento, repetir o argumentario do PP, o argumentario de que o desastre é culpa do bipartito, de que o que lle pasa a este país é culpa da oposición. E resulta que é a mellor definición de que temos un Goberno inútil, *(Aplausos.)* porque se en nada do que pasa neste país ten responsabilidade o Goberno da Xunta de Galiza é a mellor mostra de que, efectivamente, o Goberno do señor Núñez Feijóo é irrelevante; non só é irrelevante para solucionar os problemas deste país, senón que é irrelevante porque as súas políticas non teñen ningún tipo de incidencia. Leva seis anos coa mesma cantinela: a culpa é do bipartito, a culpa é dos demais. E cando non pode dicir iso escóndese de maneira humillante, como fixo no seu discurso, dicindo que a situación de Galiza é culpa dos galegos e das galegas. Pois nós dicimos que non, que a situación que ten Galiza non é culpa dos galegos e das galegas, que a situación que ten Galiza é nunha parte moi importante responsabilidade dunhas políticas que nos están condenando ao desastre.

E, de verdade, poden seguir coas mentiras todo o tempo que queiran, porque non teñen credibilidade, e sábeno. Porque a xente aí fóra que non ten traballo, que está esperando a que a atendan na dependencia, que sabe que está agardando por unha praza para a súa escola infantil para o seus fillos ou fillas, ou aqueles aos que se lles denegan prazas no ámbito público, ou que non poden pagar o seus libros de texto, son perfectamente coñecedores da farsa na que vostedes converten a política e este Parlamento. E nós non estamos aquí para facer farsas, e van ter que escoitar o que non queren oír.

Porque o problema non é que nós fagamos un diagnóstico catastrófico, é que a sociedade galega está nunha situación límite. E a vostedes iso parece que non lles importa, e o único que queren é salvarlle a cara ao presidente, que nin tan sequera ten a decencia de estar en todo o debate das propostas de resolución (*Aplausos.*) e que volve demostrar o pouco que lle interesa o diálogo, o debate, e escoitar as ideas que democraticamente expresamos neste Parlamento. (*Aplausos.*) Todo un símbolo, señorías, de como conciben e devalúan a democracia, o Parlamento, Galiza e os cidadáns, que son os que nos votan e son os que nos pagan, e aos que, efectivamente, temos que respectar, e respectalos tamén significa traballar neste Parlamento.

Nós fixemos cen propostas de resolución. Dinnos que traballamos de máis, que só se poden presentar corenta. E mesmo nas corenta que a ver se poden ser simples, porque neste Parlamento parece ser que defender ideas e poñelas con claridade, e cuestións concretas que signifiquen un cambio de política, distorsiona, claro, a manipulación e distorsiona o que vostedes queren facer neste Parlamento. (*Aplausos.*)

Miren, Plan de emprego xuvenil. Deberían de verdade de falar coa xente nova que está polo mundo adiante emigrada, porque neste país non hai oportunidades; deberían de falar con eses mozos e mozas que non teñen un salario, cando teñen emprego, que non chega nin ao salario mínimo interprofesional; e deberían de falar coa xente que está explotada, sen contratos ou que leva moito tempo buscando unha oportunidade que non hai aquí.

E miren: nós non queremos máis plans fantasmas, porque ¿que credibilidade pode ter un Goberno para dicirnos que vai industrializar Galiza cando non é capaz de defender

a industria que temos? É moi clamoroso e é moi rechamante, señorías, que vostedes hoxe non falaran do sector naval nin fixeran referencia a esa proposta de resolución que é unha emenda á totalidade a todo o que vostedes lle prometeron ao sector naval. ¿Onde está o centro de reparacións navais?, ¿onde está o dique flotante?, ¿onde está o cumprimento da lei que este Parlamento aprobou por unanimidade? ¡Unha pantomima!

A vostedes non lles importa que se acabe cos sectores produtivos de Galiza. ¿Como imos, señorías, industrializar Galiza se non son capaces de defender nin tan sequera a industria que nós temos? Desde logo, unha tomadura de pelo e unha mostra da frivolidade, e como vostedes miran para outro lado mentres a este país se lle está impedindo producir coa súa complicidade, no Goberno galego, no Goberno do Estado e nas institucións europeas. Desde logo, unha tristeza que teñamos esta situación.

Falounos de que vostedes son os campións do gasto social. Bueno, xa o temos dito aquí: Galiza encabeza o recorte de emprego na educación e na sanidade durante a crise. Non son datos desta portavoz, son datos do ministerio que dirixe un dirixente do Partido Popular. Supoñemos que vostedes lle darán credibilidade.

Señorías, temos neste país situacións que levan mesmo o Valedor a dar credibilidade, fronte á incredibilidade do Goberno, a investigar a malnutrición infantil no noso país. Señorías, temos que vostedes desde que chegaron claro que hai máis de dependentes, claro que si, recoñecidos; dependentes antes había moitos pero non estaban recoñecidos. Polo tanto, unha vez que se aplica a lei –e iso significa que cada vez máis xente entra no sistema– claro que ten que haber máis xente e máis recursos, porque hai unha lei que de repente creou uns dereitos que non existían. Polo tanto, o grave é que aquí non se está cumprindo a lei e, ademais, vostedes recortaron en dependencia. E están volvendo outra vez a ese discurso de que sexan as mulleres as que atendan as persoas dependentes neste país. (*Aplausos.*) Porque, claro, como tampouco hai emprego é moito mellor que teñan unha ocupación nese ámbito. Ese non é o modelo social que nós estamos defendendo.

Como tamén saben vostedes, señorías, que temos un problema moi importante co recorte de profesorado no ámbito

educativo público. De verdade, nos últimos dous meses, se pisaran un pouco máis a rúa e foran aos colexios, a vostedes tería que darlles vergonza vir aquí dicir que defenden o ensino público e a igualdade. Porque temos unha carencia importantísima, por exemplo, en AL e PT, que son precisamente os que teñen que favorecer a integración. E mentres nos din iso de que non hai cartos, vostedes seguen concertando cada vez máis prazas no ensino privado, en contra da defensa do ensino público, que é o único que pode garantir o acceso en igualdade.

E seguimos insistindo: ¿van devolver as axudas cobradas ilegalmente os centros do Opus Dei? Porque vostedes si que lles piden aos pais e ás nais que devolvan axudas para libros de texto. ¿Por que hai trato de favor neste país ao Opus Dei? (*Aplausos.*) Explíquenmos, señorías, porque nos parece, desde logo, gravísimo. (*Aplausos.*)

E non temos tempo en dez minutos para abordar todo. Medidas contra a corrupción. Miren, nós non queremos plans fantasmas nin máis comisións, que non valen para nada, que son unha fraude e que só queren tapar a súa conivencia coa corrupción e coas prácticas que se dan. Temos unha proposta que parece ser que era moi problemática porque tiña moitos puntos e propostas concretas. Se queren realmente pactar contra a corrupción pacten algo, non digan e non nos vendan máis fume neste ámbito. Porque, desde logo, parécenos que iso é absolutamente terrible, que é fraudulento e que nós, desde logo, cremos que este país merece algo máis porque a xente o está pasando moi mal.

O noso problema, señora portavoz do Grupo Popular, non é que haxa máis ou menos deputados. O noso problema é que vostedes queren cambiar a lexislación electoral para consolidar artificialmente unha maioría que perden na sociedade. E nós dicimos que neste momento o que hai é que reforzar a democracia. E eu preguntolle: ¿o problema é aforrar nas campañas electorais?, ¿estamos ou non de acordo en suprimir o *mailing*? É unha proposta que ten o noso grupo, ¿por que non o facemos? Poden ser case uns 2 millóns de euros. Non cremos que sexa bo reducir o tempo de debate, para que a xente se entere das alternativas, pero si reducir os gastos en campaña electoral. Podemos reducir coches oficiais, podemos reducir propaganda... (*Murmurios.*) Si, si, si, podemos reducir moito máis nese terreo porque vostedes saben que están despilfarrando miles de millóns de euros en propaganda,

publicidade e asesores, mentres lles din aos cidadáns que non hai o importante e que no importante non hai recursos, que os cidadáns se teñen que apertar o cinto. (*Murmurios.*) Pois nós dicimos que non e que é indecente que vostedes, que salvaron os banqueiros, que agora van salvar as concesionarias das autoestradas, veñan aquí seguir con esa demagogia e dicindo que non hai recursos. Claro que hai recursos. E, en todo caso, este país ten recursos que o Estado nos está espoliando.

¿Queremos cambiar o modelo de financiamento ou queren seguir vostedes perpetuando esta dependencia, que o único que fai é que Galiza sexa un gran xeriátrico? Señorías, desde logo, nós cremos que Galiza merece algo mellor que o que este Partido Popular lle ofrece.

E non queiro deixar pasar un tema que mencionou ao final de todo a portavoz do Grupo Parlamentario Popular, en relación coa condena ou non do terrorismo. Miren, o Bloque Nacionalista Galego é unha forza democrática, as persoas que están aí —e moitas que non están aí— loitaron contra a ditadura; loitaron e seguen loitando contra o roubo de dereitos que estamos vivindo neste momento, e sempre coa defensa das ideas e da palabra. Agardo, señorías, que vostedes non teñan ningún tipo de dúbida sobre iso. Porque se empezan vostedes por esa vía ao que imos chegar é á conclusión de que ao Partido Popular lle interesa seguir facendo un uso espurio da violencia para criminalizar as forzas políticas e criminalizar ideas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor presidente, remato.

Nós condenamos todo tipo de violencia, e era o que queríamos que aparecera na resolución do Parlamento. Porque cremos que tamén hai moita violencia que hai que condenar, como, por exemplo, a que vostedes se negaron cando apoiaron que con cartos de todos e todas nós se fora masacrar a poboación de Iraq, (*Aplausos.*) ou cando vostedes miran para outro lado cando se están masacrando os palestinos, no Curdistán, e miran para outro lado; e aí non hai terrorismo. Pois, claro, tamén hai terrorismo de Estado, que vostedes están apoiando e financiando.

Miren, imos votar a favor...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...para que non haxa dúbidas sobre este aspecto. Pero, desde logo, o que tamén temos que dicir moi alto e claro é que toda esta estratexia é a mostra da manipulación e do grave problema social que saben que hai en Galiza. Porque, ao final, queren converter este debate do estado da nación non nun debate que lles dea alternativas ás persoas, senón para ver quen condena ou non non sei que. (*Murmurios.*) Señorías, nós condenamos a violencia pero tamén condenamos a violencia que o seu Goberno exerce contra centos de persoas neste país. Claro que si, ás que están condenando,...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...ás que están marxinando e ás que vostedes deixan na cuneta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: A verdade, señora Rodríguez, moi mal están vostedes cando teñen que seguir facéndolle oposición ao bipartito e non son quen de defender aquí ningunha das súas xestións nesta sala. Moi mal o están a facer.

Señora Rodríguez, gustaríanos que nos explicase e que lles explicase aos galegos e ás galegas por que razón non van votar a favor da proposta de resolución número 37 da Alternativa Galega de Esquerda, que fala da cultura da paz. Gustaríanos saber cales son os motivos que impiden que o Partido Popular non vote a favor desta proposta. Vostedes aos que tanto lles preocupan temáticas, como se ten reflectido hai un momento nesta Cámara.

E tamén nos gustaría saber por que non apoian as nosas iniciativas que instan, por exemplo, a derogación da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, que é un ataque brutal contra os

traballadores e traballadoras públicos. Se estamos saíndo da crise e se todo vai tan ben, ¿por que non deixan de agredir uns traballadores e traballadoras que non son culpables de nada, que son vítimas desa crise, que é a súa estafa?

Gustaríanos tamén saber por que non votan a nosa iniciativa que denominamos de “rexeneración democrática”, que, efectivamente, é un elenco transversal profundo combativo contra a corrupción en todas as áreas da vida social e pública. Díganlle a esta Cámara por que votan en contra destas medidas, medidas que son absolutamente asumibles. Por exemplo, erradicar as portas xiratorias; por exemplo, o escándalo da señora conselleira de Sanidade; ou, por exemplo, o escándalo do señor alcalde da cidade de Compostela, que –como ben saben vostedes– foi un exemplo claro diso que se denominan as portas xiratorias. Díganlles aos galegos e ás galegas por que din que non a esa medida que, efectivamente, en varios puntos explicita a Alternativa Galega de Esquerda.

E dígnanos tamén, porque hai que explicalo, vostedes que, efectivamente, *Rerum novarum*, ¡ai doutrina social da Igrexa! –señor Puy, lamento que non estea–. Señor Feijóo, ¿por que votan en contra do plan da malnutrición infantil? Díganos por que razón vostedes din que non á iniciativa da Alternativa Galega. Vostedes que están tan preocupados pola pobreza... Como diría Mario Benedetti: “*los pobres huelen mal*”, e, efectivamente, para vostedes *los pobres huelen mal*. E por iso hoxe van darlle ao botón dicindo que non. Esa é a realidade. Somos escoria, os *chavs* do século XXI, sen lugar a dúbidas.

E tamén nos gustaríanos dicir: ¿por que votan en contra vostedes, por exemplo, das medidas que levamos adiante na educación?, ¿por que seguen priorizando os concertos privados, señor conselleiro, seguen afortando con recursos públicos os centros concertados, ou seguen mantendo 28 millóns de euros para os profesores de relixión, efectivamente, en detrimento do ensino público? Ou, por exemplo, ¿por que incrementaron os menús dos comedores escolares ata 4,5 euros? Presumiron vostedes de novas prazas; efectivamente, novas prazas, pero antes había un 8 % de familias que pagaban e agora son un 21 %, señor conselleiro. Si, señor conselleiro. E –insisto– un menú que pasa de 3 a 4,5 euros. Dígnanos por que razón non votan a favor do que nós pedimos: un plan, paseniño, de retirada dos concertos escolares.

Díganos tamén por que non votan en contra desa LOMCE sexista, reaccionaria e franquista, señor conselleiro.

Díganos tamén se van incumprir –hoxe mesmo adiantábase nos medios de comunicación– as vinte e unha sentenzas xa en contra da súa consellería. Díganos se van seguir sendo desobedientes no cumprimento das sentenzas xudiciais. Díganos se van demandar, defender o ensino público. Nós xa sabemos que non, que seguen a impoñer as súas razóns ideolóxicas e que empregan a cultura como unha arma de destrución masiva. Efectivamente, como no vello franquismo e nos vellos tempos: cultura para ricos e cultura para pobres.

Díganos se van votar a nosa iniciativa na que pedimos un bono social para a cultura. Porque non é xusto, señor conselleiro, que esteamos a pagar, por exemplo, un elemento vital como é un libro a un 21 % de IVE. Porque non é xusto, señor conselleiro, non, non é xusto que para ir ao cine esteamos a pagar un 21 % de IVE. Díganos por que razón non vota a favor dese bono cultural.

Ou díganos, por exemplo, por que non deixa de agredir as bibliotecas públicas, que parece que lles teñen medo; por que lles retiran aos concellos as subvencións para mercar libros que tiñan ata o de agora. E díganos tamén se van retirar ou eximir do canon das bibliotecas e do uso público da cultura o noso país. Ou expliquen por que van votar en contra destas iniciativas.

E tamén explíquenllos por que votan en contra das nosas iniciativas sobre a sanidade privada. Queremos, efectivamente, resolución do contrato do PFI de Vigo, queremos que se siga acoplando infraestruturas sanitarias, queremos que abran as camas que teñen pechadas. Póñolle un exemplo, señora conselleira: o Hospital Naval de Ferrol, vostedes foron alí, moito boato, inauguraron a segunda planta –unha planta fermosísima–, ao día seguinte planta pechada... Pasaron anos, así seguimos. Díganos tamén se van repoiñar as taxas na sanidade pública. Nós xa sabemos que non, por iso vostedes van votar en contra.

E eu quero, sen perder moito tempo, como fixen o ano pasado, señor Feijóo, voulle dedicar un glosario que tildei o ano pasado “Glosario dun Goberno de ananos”. Hoxe vouno

repetir con outras definicións, para que vexa que temos imaxinación. Este é o “Glosario do Goberno de ananos” e di así: A, de Abanca: espoliación do aforro galego, roubo dunha ferramenta financeira sistémica para o noso país, mentira e fracaso de Feijóo. B, –neste caso repítese– de barbarie: práctica política e social dun sistema podrecido que condena a máis e máis persoas á pobreza e á exclusión social. C, de carta retroactiva: canallada administrativa dun Goberno que non quere *paguitas* e si o sufrimento que causa a desprotección social. D, de diluvio: catástrofe mítica que o Goberno Feijóo tenta facer real na vida económica e social da xente do común. E, de España: coartada canalla do PP para asoballar as liberdades nacionais do pobo galego e dos pobos do Estado. F, de floteis: A Armada mexicana ía inzar de traballo e emprego Ferrolterra e Vigo. Mentira prototípica de Feijóo. G, de galego. Lingua e cultura que enche de odio a un goberno alleiro. H, de honra. Predicado imposible do Goberno de Feijóo. I, de ineficacia e incompetencia. Elementos explicativos da desfeita que causa a Xunta no noso país traballador. K, de kamikaze. Práctica deste goberno para facerlle o harakiri á súa poboación. Iso é o que están a facer. L, de loita. Concreción práctica da dignidade dun pobo que se quer libre e con dereitos. M, de Marx. Moi citado ultimamente nesta Cámara. Pantasma que turba os sonhos cobizosos dos amos deste goberno ao darlles voz crítica e racional aos explotados e explotadas da terra. N, de Navantia. O mellor estaleiro para o peor Goberno. A industria vital de Ferrolterra que afogan as mentiras e a obediencia coa troika de Feijóo. Ñ, de ñoñería. Comportamento que privilexia unha hipócrita cortesía parlamentaria sobre o respecto debido ao noso pobo, contra o que se lexisla decote. O, de obediencia. Relixión do Goberno Feijóo respecto das empresas, amigos indirectos con negocios escuros, Goberno de Rajoy e homes de negro da troika. P, de paro. Cárcere material no que malviven máis de 300.000 galegas e galegos. Parella social da pobreza que se estende a máis de 650.000 persoas neste país. Q, de quenllas. Persoas moi ambiciosas que buscan obter éxito e gañar cartos por riba de todo o demais. Sinónimo de neoliberais, especuladores, banqueiros, grandes empresarios e outros. R, de recortes. Maltrato que practica o Goberno Feijóo sobre os servizos públicos e a nosa cidadanía. S, de sufrimento. Secuela na sociedade derivada de gobernar para os poderosos señores dos cartos. T, de tarxetas opacas. En Galicia aínda non sabemos como e quen as disfrutou nas vellas caixas, namentres o Goberno Feijóo impide que a Comisión das caixas continúe e conclúa

os seus traballos. U, de usura contra a sociedade. Modalidade de rescate bancario que nos entrega á xente do común as nosas vidas e esperanzas como prenda de beneficios alleos. V, de violencia. Resposta brutal e/ou sofisticada dun goberno [...] *(Por orde do señor presidente, Santalices Vieira, e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións)* ao seu pobo. Alcume de Samuel Juárez. X, de xenuflexión. Postura na que o Goberno Feijóo recolle os ditados de Rajoy e da troika. Z, de zafallar. As formas dos consellos da Xunta e as súas decisións.

Señor Feijóo, nós queremos rematar esta intervención lembrándolle –non sei se o coñece– que vostede parece o rei Minos. Seguro que sabe que ao rei Minos en Atenas tiñan que entregarlle a razón de 7 rapaces e 7 rapazas para ser devorados.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: Vostede é o noso rei Minos, devorando a nosa xente a favor da troika.

E remato xa coa tese terceira de Benjamin: conte a verdade sobre o noso pobo. A xente derrotada, os vencidos, aínda que só representamos nesta Cámara a 200.000 votantes, temos dereito a que se nos conte a verdade, temos dereito a saber o que está a pasar. Por tanto, señor Feijóo, deixe de mentir nesta Cámara e atenda as necesidades reais do pobo galego. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Díaz.

Señora Díaz, independentemente de que eu non compartira moitas das cousas que dixó no seu abecedario, hai unha que lle pido que a retire, se non, vouna ter que retirar eu, e é que este goberno é lexítimo porque está elixido cos votos das urnas. *(A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, lexítimo, lexítimo.

Entón, polo tanto, ou a retira vostede ou a retiro eu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se a retira vostede, non hai ningún problema... *(Murmurios.)* ¿Non a retira? Pois entón retíroa eu e ten unha chamada á orde. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

Grupo Parlamentario Socialista, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señor presidente.

De novo bos días, señoras deputadas, señores deputados, membros do goberno, señor presidente.

Dicía eu ao final da miña intervención anterior que non podemos pretender competir internacionalmente vía recortes salariais e que temos que competir vía innovación e vía valor engadido. Ou, como di o meu compañeiro Losada sempre, hai que deixar de mirar cara a Ucraína ou a Turquía ou a Tailandia, e hai que mirar cara a Holanda.

Este modelo económico que ten o señor presidente é o que impide que a día de hoxe unha gran maioría das familias vivan mellor que cando vostede chegou ao Goberno. Iso si, hai 7.338 contribuíntes que se reparten un patrimonio equivalente ao 55 % do PIB autonómico. Eses viven mellor hoxe que antes, pero, dende logo, non é o que os socialistas queremos para Galicia.

Os socialistas queremos que as universidades teñan un papel clave no desenvolvemento económico, e por iso pedimos que o novo plan de financiamento debe achegarse ao 1,5 % do PIB galego e respectar a autonomía universitaria. Os socialistas queremos que o I+D+i se considere como principal elemento da economía para competir con vantaxe, e que se recupere o financiamento público do ano 2009 en I+D+i. Que se recuperen tamén as primas das enerxías renovables; que se deseñe unha axenda para o fortalecemento do sector industrial en Galicia; que se dinamice o solo industrial de Galicia tras pasando á Consellería de Industria os parques empresariais da Xunta; que o 100 % dos fondos europeos destinados á nosa Comunidade Autónoma sexan investidos e xustificadas nos prazos establecidos, e que se aposte polo sector primario, que presenta oportunidades de emprego se se diversifican as actividades, se promove a mobilidade de terras, se poñen en valor os produtos de alta calidade, se promoven acordos entre produtores e industrias e se desenvolven as etiquetas de orixe dos produtos galegos do mar e da terra.

Os socialistas tamén queremos, señor Feijóo, que vostede diga a verdade en Ferrol; que deixe de poñer por encima dos intereses de Galicia e da comarca de Ferrol os intereses

electorais da Deputación de Cádiz, e que presente neste Parlamento un calendario con prazos concretos para a construción dos floteis. Tamén queremos iso. Tamén queremos iso.

E tamén queremos, señor presidente, que vostede respecte o territorio, o medio ambiente, a Rede Natura e os concellos. E que fale con eles para dúas cousas: para facer unha lei do solo de verdade, que sirva para a planificación urbanística, para respectar o territorio, e que se aprobe aquí cunha maioría reforzada de 2/3 como lle propuxemos nós, e para promover un modelo de xestión de residuos que deixe atrás o modelo Sogama, que é hoxe insustentable a efectos ambientais e a efectos económicos. Por certo, devolvéndolles aos concellos aquilo que lles cobraron indebidamente.

Como ve, señor presidente, nós facemos propostas de país. Vostede, de todas estas propostas de país que nós facemos, só vai aceptar unha proposta, señor presidente, unha nada máis: a que ten que ver con que a partir de agora as axudas que a Administración pública outorgue a entidades de todo tipo, incluídos os concellos, se fagan con criterios obxectivos e non con criterios clientelares. Vou esperar a ver se se cumpre esa iniciativa, señor presidente, porque vostede ten que saber (*Murmurios.*) que, por exemplo, o Concello de Vigo, nas últimas axudas distribuídas para fomento de emprego, recibiu menos fondos que calquera concello da Área metropolitana, que teñen moitos menos parados que o concello de Vigo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) E vostede ten que saber, señor presidente, que as axudas a concellos para contratar a persoas en risco de exclusión social non se deron en función das necesidades dos concellos, senón en función dos intereses do Partido Popular.

Queremos, presidente, que vostede respecte o autogoberno que temos e que defenda a Galicia en Madrid, e non a Génova. Queremos que se comprometa a defender o noso idioma, o galego, que vive con vostede un involucionismo e unha degradación sen parangón na etapa democrática. Que se comprometa coa igualdade radical entre mulleres e homes. Que respecte o dereito a decidir das mulleres sobre a nosa maternidade e que defenda en Madrid, diante do seu partido, que retiren o recurso de inconstitucionalidade contra a Lei do aborto. (*Aplausos.*)

E non quede só aí, señor Feijóo, aquí tamén, nas súas competencias, non se laie só cando morren mulleres a mans

da violencia machista, traballe para completar os xulgados de violencia de xénero; cumpra coas leis, tanto a estatal como a galega; revise os protocolos, que están fallando, e lembre que coa pobreza e a crise tamén aumenta a desigualdade entre homes e mulleres. Señor presidente, iso é o que lle pedimos.

E mire, nós imos pedir que se singularicen tres propostas do Grupo Parlamentario Socialista e que se voten por separado. Unha, a da corrupción; outra, a da mellora do funcionamento deste Parlamento, e outra, a que propón que as leis electorais se cambien cando haxa acordo e non por interese electoral dun único grupo político.

Eu non sei que vai facer vostede nesas propostas. Nós, na da corrupción, xa lle dixemos onte á noite ao seu grupo que a pesar de que era insuficiente, cativa, declarativa e que querían lavar a súa imaxe, iamos votala a favor. Se vostedes non teñen tempo ata as 2 da tarde para revisar a proposta que lles fixemos para acordar con nós, é que realmente non están tomando en serio, señor presidente, a loita contra a corrupción; non a están tomando en serio.

Mire, presidente, señora Rodríguez Arias, portavoz do Grupo Parlamentario Popular, eu, co permiso do señor Puy, confeso aquí que teño unha comprensión lectora bastante aceptable e estou segura de que vostede tivo un lapsus cando falou do diñeiro que nós propoñemos para dedicar ás persoas en paro, porque cando se dividen 400 millóns de euros entre 50.000 persoas paradas dá a 8.000 euros por persoa parada –por certo, máis do dobre do que dedican outras comunidades autónomas–, non 3.000, como dixo vostede.

Miren, señores do Partido Popular, disfracen como queiran a súa proposta de dinamización demográfica. Di a súa proposta: dedución por nacemento, límite deducible e rebaixa fiscal. Cónteno como queiran, aquí non hai ningunha axuda directa; isto son todo incentivos fiscais, ningunha axuda directa. (*Aplausos.*) Como queiran contalo, como queiran. Como queiran.

Mire, señora Rodríguez Arias, (*Murmurios.*) por máis que lles expliquemos, vostedes non queren oír falar da verdade e das estatísticas de verdade, e non do retorcemento que vostedes están facendo. Miren, Asturias co 21,8 % de taxa de pobreza, é dicir, un taxa de pobreza inferior á gale-

ga, dedica o dobre de diñeiro neste ano, señora conselleira de Traballo, que Galicia a loitar contra a pobreza e a exclusión social. Oitenta e algo millóns de euros contra os corenta e dous e medio do Goberno galego. Por iso nós a proposta que lles facemos é para que ningunha familia quede sen ingresos, señores do Partido Popular. ¿Tamén van votar que non a que as familias teñan algún tipo de ingreso?

E sobre o emprego xuvenil, ¿eu que quere que lle diga? Que me digan a min que vostedes están traballando para fomentar o emprego xuvenil, que son nai dunha emigrada que non topa oportunidades no seu país e tivo que marchar a outro sitio despois de formarse aquí e despois de ter unha preparación aquí. Que vostedes veñan aquí a presumir dun plan de emprego xuvenil que é un corta e pega que fixeron este ano e que non ten ningún resultado, cando teño non só no meu entorno e nos meus compañeiros de bancada que teñen fillos, senón no sitio onde eu son... Porque son dunha parroquia do rural, señor Feijóo, coma vostede. Vostede é dos Peares e eu de Vilaboa. Eu son da costa, vostede do interior. Pois aí, onde están os meus amigos, os meus veciños e a miña familia hai paro no naval; hai persoas formadas, universitarias, que levan algunhas delas máis de tres anos no paro e intentando facer ciclos en FP porque non atopan emprego; outros marchan á emigración; hai funcionarios aos que vostedes lles recortaron as prestacións; hai pensionistas emigrantes aos que vostedes lles están reclamando agora a devolución dunhas axudas á que non son capaces de lle facer fronte. Esa, señor Feijóo, é a realidade de Galicia, esa é a realidade da que vostede non quere oír falar neste Parlamento.

E miren, nós fixemos propostas concretas que teñen orzamento cuantificado e que, polo tanto, son realizables.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: Son propostas para cambiar o rumbo do país, para evitar que siga medrando a pobreza, o paro e a exclusión social, e vostedes o único que veñen facer aquí, ao Debate do estado da Autonomía, é a debuxar unha Galicia que non existe.

Señor Feijóo, vaia de vez en cando pola súa aldea a ver se lle contan a verdade os seus paisanos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra dona Marta Rodríguez Arias. *(Murmurios.)*

Prego silencio, por favor.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, a predisposición para acadar acordos deste grupo parlamentario queda demostrada nos seguintes datos.

Propostas de transacción ofrecidas: 15 ao Grupo Parlamentario Socialista, aceptaron 1; 4 ao Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, aceptaron 1; 7 ao Grupo Parlamentario do BNG, aceptaron 1; 10 ao Grupo Mixto, aceptaron 7. E nós aceptamos, tal e como foron presentadas, as seguintes propostas de resolución: 2 ao grupo de AGE e 4 ao Grupo Mixto.

Polo tanto, non se pode dicir que este grupo non fixo un esforzo por chegar a acordos e entendemento con vostede. Non se pode dicir que non. *(Aplausos.)*

Mire, señora Pontón, vostede di que este goberno non ten credibilidade. Xa sabemos que aquí a máxima autoridade en credibilidade é vostede cada vez que vén falar a esta tribuna. E tan autoridade que chega a dicirnos que non nos importan os problemas dos cidadáns, que non estamos a pé de rúa e que deberíamos falar coa xente. Miren, quizais os que deberían de falar coa xente son vostedes porque... *(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Fajardo, non está no debate, pero, se quere, fale coa Yolanda.

Miren, vostedes, a súa principal proposta... *(Murmurios.)* a súa principal proposta... *(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señor Fajardo e señora Marta Rodríguez Arias, non dialoguen.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...é que os problemas de Galicia se solucionan coa soberanía nacional e co dereito a decidir. E vostedes din que hai que respectar a vontade soberana do pobo galego e que este goberno debería falar coa xente e saber o que opina. Pois, mire, señora Pontón, Gali-

cia non quere ser Cataluña, e o 72 % dos galegos sentímonos tan españois coma galegos; polo tanto, se vostedes queren estar a pé de rúa, saber o que os cidadáns reclaman e o que queren, empecen vostedes por saír á rúa a preguntarlles aos cidadáns se queren ou non ser nacionalistas ou se queren ser españois. *(Aplausos.)* Empecen por iso.

Respecto da portavoz de AGE, a verdade é que tanta demagogia e tanta mentira, señora Díaz, non se sostén. *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, señor Beiras, porque, mire...,

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...a súa viceportavoz con tres palabras fai o seu discurso: coa troika, coa austeridade e coa podredume completa vostede o seu discurso completo.

E, mire, entenderá vostede que, se fai unha emenda á totalidade ao Goberno de Feijóo, se quere reprobar ao presidente da Xunta de Galicia, será moi complicado chegar a acordos con vostede. Enténdeo. Entenderá vostede que nós tampouco compartimos a súa proposta de soberanía nacional e do dereito a decidir e que nós tampouco compartimos o texto que vostedes querían transaccionar con nós sobre a condena do terrorismo.

E, mire, cando fala de tarxetas opacas, nós preguntámonos: ¿estará vostede pensando tamén nesa tarxeta dun comunista despistado que gastou medio millón? Mire, pois ás veces, señora Díaz *(A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)*, non se pode sinalar co dedo índice a unha bancada sen saber o que un ten no seu propio partido e na súa propia bancada, señora Díaz. *(Aplausos.)* Non se pode sinalar co dedo índice, señora Díaz. *(Aplausos.)*

E, mire, xa di moito de vostede... *(A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Señora Díaz!

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...xa di moito o que é vostede cando nos di que os pobres olen mal para o Partido Popular. É que, dende logo, a súa catadura... Porque está insultando a moitas persoas, e moitas persoas que son das nosas familias, e moitas persoas que son os nosos amigos. *(A*

señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.) Polo tanto, señora Díaz, vostede demagogia e mentira é o único que entende.

E en relación co Partido Socialista, a min só me queda dicir unha cousa, señora Gallego: ¡que valor! Eu felicítola, ¡que valor ten vostede! Vir aquí defender determinadas propostas de resolución que son volver aos erros que vostedes cometeron no pasado. Eu entendo que ten que facer vostede este papel, e, dentro do papel complicado que ten, pois vostede bótalle valor. Pero, mire, fala vostede de que determinadas propostas de resolución sería coherente aprobalas. Eu dígolle: repase vostede as súas propostas de resolución, porque son contraditorias. Eu non sei se pola súa mala conciencia ou porque non queren saber de onde vimos e a onde imos.

Porque, mire, a taxa de reposición de emprego público foi o Partido Socialista o que a implantou, un 10 %. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* Agora, agora, señor Losada, sexan conformes a unha taxa de reposición do 50 %. E vostedes presentan unha proposta de resolución para que a taxa de reposición sexa do 100 %. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Miren, dende logo, a nós isto parécenos mala conciencia, porque non entendemos como se pode cambiar de criterio en tan só tres anos, señora Gallego. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Prego silencio, por favor!

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: É complicado cambiar de criterio en tan só tres anos.

E, miren, falan vostedes de dependencia, de que non atendemos os dependentes. Non lles vou dicir en qué gastaban vostedes os cartos para as persoas dependentes. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Falan vostedes do concerto no ensino. Se queren –xa llelo dixo o conselleiro de Educación en moitas ocasións–, falamos do que reduciu este Goberno da Xunta os concertos que tiñan vostedes en relación co ensino público. Pero, de verdade, que veñan aquí a dicirlle ao presidente da Xunta de Galicia que ten que reducir os coches oficiais é que, de verdade... *(Murmurios.) (Aplausos.)* Que veñan aquí dicir que hai que reducir os coches oficiais..., é que me deixan sen

palabras, señorías, *(Aplausos.)* sen palabras, sen palabras. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

E, miren, a aposta pola sanidade pública. A aposta pola sanidade pública é isto, señora Pontón. Isto é a aposta pola sanidade pública. *(Murmurios.)* O único que están facendo vostedes é meterlle medo á xente contándolle mentiras, e iso non é defender a sanidade pública, iso é desprestixiar a nosa sanidade pública *(Aplausos.)*, desprestixiala. *(Aplausos.) (A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: E, miren, dende o inicio deste debate... *(A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Señora Acuña!

(A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Señora Acuña, faga o favor!

(A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Señora Acuña, faga o favor ou chámola á orde!

Continúe, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Señora Acuña, non é unha maqueta. Non é unha maqueta, señora Acuña. *(Aplausos.)* Non é unha maqueta. *(Aplausos.)* Non é unha maqueta, señora Acuña. *(Aplausos.)*

(O señor Gallego Lomba pronuncia palabras que non se perciben.) (Risos.)

A señora PRESIDENTA: ¡Señor Gallego!

Señora Rodríguez Arias, continúe.

(Murmurios.)

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Se pode, señora presidenta, si.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

Ten a palabra...

(O señor Gallego Lomba pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Gallego, rematemos o pleno en paz.

Ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

Continúe, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Señoras e señores deputados, para pechar este debate destas propostas de resolución gustárame poder... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Non vai rematar o pleno sen unha chamada á orde para o señor Gallego e a segunda chamada á orde para a señora Acuña.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Si, señora presidenta.

Este é o respecto que se ten a algúns deputados cando temos o mesmo dereito que vostedes en falar nesta Cámara.

E nós o que dicimos é que o presidente da Xunta buscou diálogo coa oposición para poder chegar a acordos en temas fundamentais para Galicia. O Grupo Parlamentario Popular buscou o acordo coa oposición. “Imos seguir gobernando” —dixo o presidente—, “con vostedes mellor pero, en todo caso, toca seguir gobernando”. É o que ten que facer, señor Feijóo, seguir gobernando, aplicando políticas sensatas e centradas nas persoas, loitando contra o desemprego, apostando pola sanidade pública, pola educación, polos servizos sociais, apoiando os sectores estratéxicos da nosa comunidade, centrándonos nas persoas e nos temas que preocupan ás persoas. Siga adiante, señor presidente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Se lles parece, antes de dar comezo á votación facemos unha pequena pausa de dez minutos. Avisaremos co timbre, como é habitual.

Suspéndese a sesión á unha e trinta e tres minutos da tarde e retómase á unha e cincuenta minutos da tarde.

A señora PRESIDENTA: Reiniciamos, entón, a sesión coa votación das propostas de resolución deste debate de política xeral do ano 2014.

Votación das propostas de resolución

A señora PRESIDENTA: Vou tratar de ir despacio por se me equivoco. Eu penso que están recollidas todas as posibles variantes dos grupos, pero ás veces é complicado non equivocarse.

Entón, imos empezar polas propostas de resolución transaccionadas.

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 10 do Grupo Parlamentario Mixto co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución transaccionada.

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 24 do Grupo Parlamentario Mixto co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución transaccionada.

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 4 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego co Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposta de resolución transaccionada.

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 39 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia co Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución transaccionada.

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 7 do Grupo Parlamentario da AGE co Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposta de resolución transaccionada.

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 38 do Grupo Parlamentario Popular cos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposta de resolución transaccionada.

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 6 do Grupo Parlamentario Mixto co Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; votos en contra, 8; abstencións, 7.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución transaccionada.

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 22 do Grupo Parlamentario Mixto co Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposta de resolución transaccionada.

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 23 do Grupo Parlamentario Mixto co Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 65; votos en contra, 8.

O resultado da votación é positivo..

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución transaccionada.

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 28 do Grupo Parlamentario Mixto co Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; votos en contra, 15.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución transaccionada.

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 33 do Grupo Parlamentario Mixto co Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 63; votos en contra, 8; abstencións, 2.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución transaccionada.

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 38 do Grupo Parlamentario Mixto co Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 64; abstencións, 7.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución transaccionada.

Votación da transacción sobre a proposta de resolución número 40 do Grupo Parlamentario Mixto co Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 63; abstencións, 7.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución transaccionada.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación as propostas do Grupo Parlamentario Mixto.

Votación das propostas de resolución números 5, 26 e 31 do Grupo Parlamentario Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas por unanimidade estas propostas de resolución.

Votación da proposta de resolución número 15 do Grupo Parlamentario Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 39; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 12 do Grupo Parlamentario Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 9; votos en contra, 57; abstencións, 7.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 8 do Grupo Parlamentario Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 9 do Grupo Parlamentario Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 57.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 27 do Grupo Parlamentario Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 65; votos en contra, 8.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 29 do Grupo Parlamentario Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 39; abstencións, 8.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 32 do Grupo Parlamentario Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 57.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 33 do Grupo Parlamentario Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 47.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 34 do Grupo Parlamentario Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 39; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 36 do Grupo Parlamentario Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 8; votos en contra, 57; abstencións, 8.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación das propostas de resolución números 4, 30, 35, 37 e 39 do Grupo Parlamentario Mixto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución do Grupo Parlamentario Mixto, agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

A señora PRESIDENTA: *Votamos a continuación as propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

Votación da proposta de resolución número 1 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 57.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 6 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 7 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 8 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 10 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 57.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 24 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 15 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 57.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación das propostas de resolución números 26 e 29 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 39; abstencións, 8.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución números 2, 36 e 39 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 39; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación da proposta de resolución número 38 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación das propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

A señora PRESIDENTA: *Votamos a continuación as propostas de resolución do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.*

Votación da proposta de resolución número 14 do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 9; votos en contra, 64.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 15 do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 9; votos en contra, 57; abstencións, 7.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación das propostas de resolución números 21 e 35 do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

Votación da proposta de resolución número 12 do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación das propostas de resolución números 17 e 25 do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 39; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución números 2, 3, 18, 22, 26 e 39 do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 57.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da proposta de resolución número 1 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 39; abstencións, 15.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 3 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 40 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 39; abstencións, 8.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 16 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 46; abstencións, 7.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 19 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 27; votos en contra, 39; abstencións, 7.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación das propostas de resolución números 17, 18 e 21 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 46; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución números 8, 12, 20 e 26 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 39; abstencións, 8.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación da proposta de resolución número 31 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 46.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 36 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 37 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 27; votos en contra, 39; abstencións, 7.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 38 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación das propostas de resolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular.

Votación da proposta de resolución número 2 do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; votos en contra, 15.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 4 do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 65; votos en contra, 8.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 18 do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 8; abstencións, 25.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 20 do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; votos en contra, 8; abstencións, 8.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 26 do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 27; abstencións, 7.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 27 do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 47; votos en contra, 8; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 29 do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; abstencións, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 30 do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 33; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 34 do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 47; votos en contra, 8; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 35 do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; abstencións, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 37 do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 25; abstencións, 7.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 40 do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación das propostas de resolución números 5 e 9 do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 7; abstencións, 25.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución números 19 e 23 do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 26; abstencións, 8.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución números 11 e 36 do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 9; abstencións, 25.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución números 12 e 33 do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 9; abstencións, 25.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

Votación da proposta de resolución número 24 do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 8; abstencións, 25.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 28 do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 26; abstencións, 7.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

Votación das propostas de resolución números 10, 21 e 39 do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 16; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución números 3, 6, 8 e 13 do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución números 1, 16, 22 e 25 do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 15; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular, agás as xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 33; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

A señora PRESIDENTA: Finalizada a votación e esgotada a orde do día, levántase a sesión.

Moitas grazas e bo día. *(Aplausos.)*

Remata a sesión ás dúas e trinta e dous minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	(PSdeG-PSOE)
2.- Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3.- Arias Veira, Pedro	(PP)
4.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
5.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
6.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
7.- Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
8.- Burgo López, Concepción	(PSdeG-PSOE)
9.- Caamaño Domínguez, Francisco	(PSdeG-PSOE)
10.- Camino Copa, Angel	(PP)
11.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
12.- Díaz Pérez, Yolanda	(AGE)
13.- Docasar Docasar, Vicente	(PSdeG-PSOE)
14.- Dorado Soto, Javier	(PP)
15.- Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
16.- Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
17.- Fernández Fernández, Raúl	(PSdeG-PSOE)
18.- Freire Abeijón, Santiago	(PP)
19.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
20.- Gallego Lomba, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
21.- García García, Pablo	(PSdeG-PSOE)
22.- García Pacín, Isabel	(PP)
23.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
24.- González Santín, Juan Carlos	(PSdeG-PSOE)
25.- Guerra Fernández, Javier	(PP)
28.- Iglesias Sueiro, Carme	(AGE)
26.- Iñiguez Martínez, Jaime	(PP)
27.- Jorquera Caselas, Francisco	(BNG)
28.- Losada Alvarez, Abel	(PSdeG-PSOE)
30.- Martínez García, María Consuelo	(AGE)
31.- Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
32.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeGPSOE)
33.- Mourino Villar, Antonio	(PP)
34.- Nóvoa López, Enrique	(PP)
35.- Núñez Centeno, Aurelio	(PP)
36.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
37.- Oubiña Solla, Rosa	(PP)
38.- Pardo López, Carmen	(PP)
39.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
40.- Pazos Couñago, José Alberto	(PP)
41.- Pérez Hernández, Berta	(PP)
42.- Piñeiro Martínez, Marisol	(PP)
43.- Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
44.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
45.- Pouso Maneiro, Herminia	(PP)
46.- Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
47.- Prado del Río, Paula	(PP)
48.- Prado Patiño, Miguel	(PP)
49.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
50.- Quintas Alvarez, María	(PSdeG-PSOE)
51.- Rodas Chapela, Daniel	(BNG)
52.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
53.- Rodríguez Barreira, Julia	(PP)
54.- Rodríguez González, Román	(PP)
55.- Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	(PP)
56.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
57.- Romero Fernández, Cristina	(PP)
58.- Ron Fernández, José Javier	(AGE)
59.- Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
60.- Sánchez Bugallo, José Antonio	(PSdeG-PSOE)
61.- Sánchez García, Antón	(AGE)
62.- Santalices Vieira, Miguel	(PP)
63.- Santos Pérez, Ramón	(PP)
64.- Santos Regueiro, Francisco	(PP)
65.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
66.- Solla Fernández, Eva	(AGE)
67.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
68.- Tellado Filgueira, Miguel	(PP)
69.- Trenor López, Gonzalo	(PP)
70.- Val Alonso, José Ramón	(PSdeG-PSOE)
71.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
72.- Vázquez Abad, Jesús	(PP)
73.- Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
74.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSdeG-PSOE)
75.- Vilán Lorenzo, Patricia	(PSdeG-PSOE)



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25